

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión ordinaria do 8 de marzo de 2013**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey  
D<sup>a</sup>. Raquel Díaz Vázquez  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. José Manuel Fernández Pérez  
D. Angel Rivas González

**NON ASISTEN:**

D. Cayetano Rodríguez Escudero

**Invitado:**

D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día oito de marzo do dous mil trece e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña e o interventor xeral, Sr. García Alvarez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(171).- ACTAS ANTERIORES.** Apróbanse as actas das sesións ordinaria e extraordinaria e urxene do 01-03-2013. Deberán incorporarse ao libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. alcalde-presidente.

**2(172).- SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: EXPTES. 2668/15, 429/06, 2527/04.**

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade cos informes-proposta do xefe da área de Benestar Social, conformados pola concelleira-delegada de área, de datas 27-02 e 28-02-13, a Xunta de Goberno Local acorda:

Conceder o Servizo de Axuda no Fogar ás seguintes persoas:

- D<sup>a</sup> Marina González Méndez. Expte. 2668/15.
- D<sup>a</sup> Dolores Arias Vázquez. Expte. 429/06
- D<sup>a</sup> Antonia Valcárcel Taboada. Expte. 2527/04

**3(173).- PROPOSTA DE INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA E RECOÑECEMENTO DE CRÉDITO A EULEN SERVICIOS SOCIO SANITARIOS, S.A., POLO SERVIZO DE APOIO Á UNIDADE CEDRO. EXPTE.1947/315.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 19-02-13, da técnica de Servizos Económicos de Política de Benestar, conformado polo xefe de área e pola concelleira-delegada; visto así mesmo o informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal de data 01-03-13, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar a indemnización substitutiva por importe de 57.370.92 euros, a favor de EULEN SERVICIOS SOCIO SANITARIOS, S.A. (CIF: A-79022299), pola prestación dos servizos de apoio á unidade asistencial de drogodependencias CEDRO durante o mes de xaneiro de 2013.

Segundo.- Imputar o gasto de 57.370.92 euros a partida orzamentaria 3133.2279901 "Servicio Metadona", minorando dito importe do RC 201300013838 de 114.741.84 euros.

**4(174).- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO ART. 2.3 DO PREGO DE CLÁUSULAS TÉCNICAS E ADMVAS. DO CONCURSO PARA A XESTIÓN DE APARCADOIROS SUBTERRÁNEOS DE USO MIXTO E PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA TRAZA DO APARCADOIRO DA RÚA ROSALÍA DE CASTRO. EXPTE. 3128/241.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 27-02-13, da técnica de Admon. Xeral do servizo de Contratación, conformado polo concelleiro-delegado da área de Fomento e informado pola Asesoría Xurídica e pola Intervención Xeral Municipal en datas 21 e 26 de febreiro de 2013, respectivamente, que di o seguinte:

***"NORMATIVA DE APLICACIÓN***

- *Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).*
- *Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño, texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas (LCAP).*

- *Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).*
- *Directiva 2004/18/CE, de 31 de marzo de 2004, sobre coordinación dos procedementos de adxudicación dos contratos públicos de obras, de subministro e de servizos (Directiva 2004/18/CE).*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).*
- *Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).*
- *Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais (RS).*
- *Prego de cláusulas técnicas e administrativas do concurso para a xestión mediante concesión de servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto en diferentes lugares da cidade aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Vigo de data 14 de agosto de 2006 (PCAP).*
- *Prego de prescricións técnicas que rexerá no concurso para a adxudicación por procedemento aberto dun contrato de xestión de servizos públicos con execución de obra para a construción e posterior explotación, en dous lotes de tres, de seis aparcadoiros mixtos (rotatorio e residentes) en diferentes lugares da cidade de Vigo (PPT).*
- *Lei 8/1995, de 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia (LPCG).*
- *Constitución española de 1978 (CE).*
- *Lei de 16 de decembro de 1954, de Expropiación Forzosa (LEF).*
- *Decreto da Xunta de Galiza 133/2008, de 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental (D 133/2008).*

## **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** En data 21 de maio de 2007, a Xunta de Goberno Local acordou a adxudicación do lote 2 do concurso para a xestión mediante concesión de servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto nas rúas Rosalía de Castro, Jenaro de la Fuente e Avenida Castelao á favor da mercantil COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES S.A., segundo o prego de cláusulas técnicas e administrativas e os anteproxectos aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local de data 14 de agosto de 2006, formalizándose o contrato en data 10 de outubro de 2007.

**Segundo.-** En data 29 de outubro de 2007, D. Pablo Couto López, en nome e representación de COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES S.A, solicita que se autorice a execución simultánea dos traballos de construción dos aparcadoiros subterráneos das rúas Jenaro de la Fuente e Castelao.

**Terceiro.-** En data 9 de novembro, D. Pablo Couto López, en nome e representación de COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES S.A, solicita do órgano de

*contratación determinadas modificacións das trazas dos aparcadoiros obxecto da concesión da que a súa representada é titular.*

**Cuarto.-** Á vista das solicitudes do concesionario citadas en los antecedentes segundo e terceiro, a Xunta de Goberno Local, en data 18 de febreiro de 2008 acordou:

*“1º.- Autorizar a execución simultánea das obras correspondentes ós aparcadoiros das rúas Jenaro de la Fuente e Avenida Castelao condicionadas ó cumprimento dos seguintes requisitos:*

- Antes do comezo das obras estas deberán estar axeitadamente sinalizadas e cun plan de información que deberá ser aprobado polo Departamento de Tráfico.*
- Non pode ocasionar prexuízos ó transporte colectivo urbano en canto a circulación e paradas.*
- Deben garantirse o subministro de servizos, accesos a garaxes e seguridade nas beirarrúas peonís nas zonas afectadas.*

*2º.- Aprobar os axustes nas trazas dos aparcadoiros das rúas Rosalía de Castro, Jenaro de la Fuente e Avenida Castelao propostas por D. Pablo Couto López, en nome e representación de COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES S.A, en escrito de data 9 de novembro de 2007 , e detalladas no fundamento xurídico III do corpo deste escrito, salvo a referente a saída do aparcadoiro de Jenaro de la Fuente descrita como saída 1 “situada na rúa Jenaro de la Fuente, na marxe esquerda sentido Travesía de Vigo-Aragón, no comezo da rúa dende Travesía de Vigo. Dando saída ó tráfico cara a rotonda de María del Carmen” que deberá reubicarse tendo en conta as observacións efectuadas polo Sr. Xefe da Área de mobilidade e seguridade (...).”*

**Quinto.-** *En data 2 de xuño de 2008, por resolución da Xunta de Goberno Local se procede á aprobación definitiva do proxecto construtivo do aparcadoiro subterráneo da rúa Rosalía de Castro.*

**Sexto.-** *Este aparcadoiro se sitúa no contorno do xacemento arqueolóxico Pontevedra-Areal, encadrado na categoría de ben catalogado no planeamento municipal, e que forma parte do inventario xeral do patrimonio cultural de Galicia. En consecuencia, a Consellería de Cultura da Xunta de Galicia ten que autorizar calquera intervención que lle afecte. Así, unha vez aprobado o proxecto polo órgano de contratación, solicitouse autorización á Delegación Provincial de Pontevedra da Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia para a súa execución.*

*Antes de informar o proxecto do aparcadoiro, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, en resolución de data 21 de novembro de 2008, ordenou a realización de sondaxes arqueolóxicas, e unha vez rematadas as mesmas, dado que se tiñan encontrado diversos restos arqueolóxicos ordenou unha ampliación das mesmas.*

**Sétimo.-** *En data 14 de maio de 2009, D. Alejandro Amoedo Martínez, en nome e representación de COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A., ante estas dificultades e co fin de evitar maiores gastos para a realización dunhas sondaxes sen ter garantida a realización do aparcadoiro coa traza prevista, circunstancia que solo podería ser determinada á vista dos resultados das mesmas, solicita ó*

órgano de contratación a modificación da traza do aparcadoiro reducíndoa deixando fora da mesma o tramo da rúa Rosalía de Castro comprendido entre as rúas Oporto e Canceleiro, o que evitaría a realización da escavación en área.

**Oitavo.-** En data 11 de xuño de 2009, D. Pablo López Couto, en nome e representación de COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A., manifesta “a renuncia da súa representada a realizar reclamación económica ningunha ó concello por consecuencia da redución de prazas que implica a modificación de planta solicitada no aparcadoiro de rúa Rosalía de Castro”.

**Noveno.-** En data 10 de setembro de 2009, D. Pablo López Couto, en nome e representación de COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A., reitera a renuncia da súa representada a realizar ningunha reclamación económica por mor desta redución de prazas aclarando que “en particular non se reclamarán nin o maior custe de inversión que puidera supoñer o aparcadoiro coa nova traza, nin os menores ingresos que se deriven da redución de prazas nin os maiores custes de explotación”.

**Décimo.-** En data 4 de decembro de 2009, a Xunta de Goberno Local, á vista de que o cambio de traza non implicaría custe económico para a facenda municipal por mor da renuncia formulada e en aras do seu deber de colaboración coa mercantil concesionaria, acordou modificar a traza do aparcadoiro da rúa Rosalía de Castro e requirir á mercantil concesionaria a presentación dun novo proxecto construtivo conforme coa nova traza.

**Undécimo.-** En data 15 de decembro de 2009, D. Gonzalo Vázquez Rodríguez, actuando en nome e representación de COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES S.A., presenta no Rexistro xeral deste Concello o proxecto modificado do aparcadoiro de uso mixto da rúa Rosalía de Castro.

Co fin de determinar se o mesmo foi elaborado con suxeición o prego de cláusulas técnicas e administrativas e a proposta formulada polo adxudicatario recabáronse informes técnicos ós departamentos municipais implicados, así:

- Informe do Servizo de Electromecánicos, de data 18/12/2009.
- Informe do Sr. Xefe de Área de Mobilidade, Seguridade e Transporte, de data 18/12/2009.
- Informe do Servizo de Vías e obras, de data 21/12/2009.
- Informe do Servizo de Montes, parques e xardíns, de data 21/12/2009.
- Informe do Servizo de Limpeza, de data 22/01/2010.
- Informe do Sr. Xefe dos Servizos Técnicos da Xerencia Municipal de urbanismo, de data 05/02/2010.

Dos presentes informes se lle deu traslado á concesionaria, que formula alegacións, en escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 02/02/2010.

En xaneiro de 2010, COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES S.A., tras ser detectado un erro no proxecto presentado con relación ó desvío de colectores, presenta unha separata ó proxecto modificado.

*En data 26 de abril de 2010, se lle solicitou a empresa que axuntase un novo Plan económico financeiro dado que este proxecto supoñía unha redución de prazas respecto ó aprobado inicialmente.*

*En data 17 de setembro de 2010 se lle reitera a solicitude dun Plan económico financeiro que contemple as actuais circunstancias.*

*En data 30 de setembro de 2010, COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES S.A., solicita unha ampliación do prazo concedido para presentar o citado plan.*

*En data 29 de outubro de 2010, COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES S.A., presenta o plan económico financeiro e solicita o reequilibrio económico financeiro da concesión.*

**Duodécimo.-** *No mesmo ámbito que os aparcadoiros se estaba desenvolvendo a Unidade de Actuación I-06 Rosalía de Castro 2. O PCAP, co obxecto de evitar obras continuas en lugares próximos determina que “os aparcadoiros de (...) Rosalía de Castro e Anexo construíranse ó mesmo tempo que os Proxectos de Urbanización deses ámbitos a executar polas respectivas Xuntas de Compensación” e impón a necesaria coordinación entre ambos. No entanto, debido o retraso que acumulaba o inicio das obras do aparcamento e a paralización do de residentes, a Xunta de Compensación, coa autorización municipal, procedeu a urbanizar o tramo da rúa Rosalía de Castro comprendido entre as rúas Serafín Avendaño e García Barbón.*

*Á vista desta circunstancia, a concesionaria, pola súa propia iniciativa, sen rematar a tramitación necesaria para a aprobación do citado proxecto, presenta un novo proxecto.*

**Décimoterceiro.-** *En data 2 de agosto de 2011, D. Alejandro Antonio Amoedo Martínez, actuando en nome e representación de COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A., tendo en conta a citada urbanización da rúa, remite un novo proxecto modificado do aparcadoiro de Rosalía de Castro, redactado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos D. Pablo Couto López, visado no colexio oficial, con visado nº-24470 do 01/08/2011, que supón unha nova redución da traza ó diminuír a súa anchura, implicando unha nova redución de prazas.*

*Se solicitaron novos informes técnicos co obxecto de determinar a adecuación deste novo proxecto ó prego de cláusulas técnicas e administrativas e a proposta formulada polo adxudicatario ós diversos departamentos municipais implicados, así:*

- Informe do Servizo de Electromecánicos, de data 12/08/2011.*
- Informe do Servizo de Montes, parques e xardíns, de data 23/08/2011.*
- Informe do Sr. Xefe de Área de Mobilidade, Seguridade e Transporte, de data 15/09/2011.*
- Informe da Oficina de Supervisión de proxectos e inspección de obra, de data 16/09/2011.*

- Informe do Servizo de Limpeza, de data 19/09/2011.
- Informe dos Servizos Enerxéticos, de data 23/09/2011.
- Informe do Sr. Xefe dos Servizos Técnicos da Xerencia Municipal de urbanismo, de data 15/11/2011.
- Informe da Sra. Arqueóloga municipal, de data 05/02/2013.

Destes informes se lle deu traslado á concesionaria, que formula alegacións, en escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 17/10/2011.

**Décimocuarto.-** En escrito de data 8 de febreiro de 2012, o servizo municipal de contratación solicita ó concesionario, á vista de que o novo proxecto implica unha nova redución de prazas, que cuantificase a porcentaxe que representaba esta nova modificación sobre o contrato e renunciase a reclamacións futuras por este concepto.

**Décimoquinto.-** Remitido o proxecto construtivo á Consellería de Medio Ambiente, territorio e infraestruturas, o xefe territorial, en resolución de data 13 de febreiro de 2012, determina que “a actividade de construción de aparcadoiro solicitado por COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES S.A., ten a necesidade de sometemento ao procedemento de avaliación de incidencia ambiental regulado no Decreto 133/2008, de 12 de xuño”.

**Décimosexto.-** En data 31 de xullo de 2012, ante a falla de resposta da empresa o requirimento de data 8 de febreiro de 2012, se lle requiriu de novo a achega desta documentación con apercibimento de caducidade.

**Décimosetimo.-** En escrito de data 11 de setembro de 2012, COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES S.A., manifesta a súa intención de non renunciar a calquera indemnización que puidera corresponderlle por mor da redución de prazas do aparcadoiro que considera se debe a causas sobrevidas e alleas a súa responsabilidade.

**Décimooitavo.-** En data 30 de outubro de 2012, o servizo de contratación lle require á concesionaria que cuantifique a incidencia da redución de prazas na economía da concesión, solicitude que non foi obxecto de resposta por parte da concesionaria.

**Décimonoveno.-** En escrito de data 9 de xaneiro de 2013, o servizo de contratación, ante a falla de resposta da concesionaria ó requirido, solicita o Sr. Xefe de Investimentos informe sobre a procedencia ou non de continuar coa tramitación deste expediente, aspecto que informa favorablemente en data 10 de xaneiro de 2013.

**Vinte.-** A solicitude do servizo de contratación, o enxeñeiro municipal supervisor das obras formula informe, de data 5 de febreiro de 2013, sobre a conveniencia de modificar o contrato para poder aprobar o proxecto presentado por COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES S.A., en data 2 de agosto de 2011. No mesmo se fai unha comparativa entre o proxecto inicial e os proxectos modificados nº 1 e nº 2. Se cuantifica a variación que supoñen os mesmos con respecto ó

proxecto inicial tanto en termos de custe económico do proxecto como de número de prazas de aparcamento que comprenden. E se establece cal é o máis vantaxoso para os intereses municipais. Pola súa relevancia se reproduce a continuación:

**“Asunto: Aprobación do proxecto do aparcamento de Rosalía de Castro. Resposta a cuestións plantexadas polo Servicio de Contratación.**

A vista da dilixencia do Servicio de Contratación do Concello, se informa:

**1º- Respecto a cal dos proxectos presentados é o máis vantaxoso para os intereses municipais:**

Antecedentes.-

O 14/05/2009 D. Alejandro Amoedo Martínez solicita modificar a traza do aparcamento proxectado na rúa Rosalía de Castro, para tratar de evitar “a excavación en área” ordenada pola Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, evitando o tramo comprendido entre as rúas Oporto e Canceleiro, co que se produce unha redución do número de prazas a construír.

É de resaltar que a Concesionaria, non recurríu ante á Consellería de Cultura da Xunta de Galicia o sobrecoste que lle representaban as modificacións a introducir no proxecto, por mor da resolución que obrigaba á “excavación en área”, así coma o perxuízo económico que podería representar a perda de prazas de aparcamento.

Con esta redución solicitada, as prazas resultantes quedarían do seguinte xeito:

prazas	inicial	modificado-1	variación
coches	583	340	-243
motos	6	20	14

Esta solicitude é aprobada pola Xunta de Goberno Local ó 4/12/2009.

O proxecto modificado remitido a tramitación, con visado do Colexio Oficial de 11/08/2009, dirixido polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos D. Pablo Couto López e redactado polo tamén Enxeñeiro D. Enrique Urcola Fdez-Miranda, resulta coas seguintes prazas:

prazas	inicial	modificado-1	variación
coches	583	378	-205
motos	6	19	13

Dende a firma da Acta de Comprobación do Replanteo das obras de urbanización da U.A. ROSALÍA DE CASTRO II, (xúntase copia) o Concello de Vigo, tratou de coordinar as dúas actuacións para que os intereses das partes (Urbanizadora, Concesionaria dos aparcamentos e Concello) non resultaran perxudicados. (xúntase copia de acordo da XGL)

Debido o retraso que acumulaba o inicio das obras do aparcamento da rúa Rosalía de Castro, e a paralización do de residentes, imputables ambos feitos a Concesionaria Cocheras Olívicas de Puentes, SA, e a que á Xunta de Compensación da U.A. Rosalía de Castro II non podía demorar mais á urbanización do séu ámbito sen sufrir graves perxuízos económicos, esta última procedeu a rematar a urbanización de dita unidade de actuación, incluíndo a zona a ocupar baixo rasante polo aparcamento en concesión.

A vista desto, a Concesionaria, pola súa propia iniciativa, sen rematar a tramitación do anterior modificado, plantexa unha nova modificación da traza mediante a entrega a trámite do Proxecto Modificado N°-2, que conleva tamén unha nova redución de prazas:

prazas	inicial	modificado-1	modificado-2	variación
--------	---------	--------------	--------------	-----------



coches	583	378	312	-271
motos	6	19	0	-6

Este novo modificado nº-2, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos D. Pablo Couto López, está visado polo Colexio Oficial con data 7/08/2011.

En canto ó aparcamento de residentes, ó 9/06/2011, despois de moitos meses paralizado, a Concesionaria Cocheras Olívicas de Puentes, sa, comunicalle á Consellería de Cultura da Xunta de Galicia a paralización das obras de excavación con control arqueolóxico do aparcamento.

A vista desta paralización das obras do aparcamento de residentes, á Xunta de Compensación da U.A. Rosalía de Castro II, ante a necesidade de urbanizar a praza interior, solicita a dita Consellería de Cultura autorización para rechea o oco, que é autorizado por resolución do 4/08/2011.

Á urbanización da U.A. Rosalía de Castro II, está en servizo e foi recibida totalmente pola Xunta de Goberno Local ó 28/12/2012. Esta urbanización inclúe as cubertas do paralizado aparcamento de residentes, e un tramo da rúa Rosalía de Castro (de Serafín Avendaño a Miragalla).

Comparativa dos dous modificados:

<b>tabla comparativa</b>		
<b>descripción</b>	<b>modificado nº-1</b>	<b>modificado nº-2</b>
Reducción de prazas:	- 205	- 271
Superficie de cuberta afectada:	5.500,14 m2	4.595,16 m2
Presuposto con IVE (16% y 18%):	11.364.445,20 €	11.387.729,88 €
Presuposto con IVE actualizado (21%)	11.854.291,98 € (*)	11.677.284,73 €
Plazo de execución:	18 meses	18 meses
Método constructivo: (**)	Método inverso.	Método inverso
Método constructivo por mor da resolución da Consellería de Cultura, non aceptado polo Concello:	Evita a excavación a ceo aberto na zona non construída.	idem.
Afeccións os peatóns:	maior	menor

(\*) Non está incluída á reposición da urbanización do tramo de Rosalía de Castro correspondente ó ámbito da "U.A. Rosalía de Castro II".

(\*\*) Este método constructivo é o mesmo do proxecto base aprobado no seu día polo Concello, aínda que con algunhas variacións motivadas polo control arqueolóxico imposto pola Consellería de Cultura da Xunta de Galicia.

Modificado nº-1:

Ocupa maior superficie pública coas obras, ó afectar á rúa Rosalía de Castro na mesma lonxitude có Modificado nº-2, mais todo o ancho do novo tramo da Unidade de Actuación.

As prazas reducidas serían de 205. Menos (66) que o Modificado nº-2.

Está sen valorar o coste de reposición da urbanización afectada.

As afeccións o tráfico rodado serían as mesmas en ambos casos.

As afeccións os peatóns son maiores ó ocupar as beirarúas de tramo da Unidade de Actuación.

Modificado nº-2:

Ocupará menor superficie pública coas obras. No último tramo, dende Serafín Avendaño ata Miragalla, non afectará ás beirarúas xa que será ocupada soamente a calzada.

Polo tanto a afección os peatóns polas obras será menor.

As prazas reducidas son de 271 afectando ó canon a ingresar será menor co do Modificado nº-1 (66 prazas menos).

As afeccións o tráfico rodado serían as mesmas en ambos casos.

O proxecto non se axusta á traza do aparcadoiro aprobada pola Xunta de Goberno Local ó 14/12/2009. Se ben a huella lonxitudinal é a mesma, se reduce a súa anchura entre as rúas Serafín Avendaño e Miragaia coa conseguinte redución de prazas. Para a súa aprobación é preciso modificar previamente o contrato, reducindo a anchura da traza no citado tramo.

*Neste caso a modificación se debe a causas novas. Durante a substanciación do procedemento para a aprobación do proxecto modificado, a Xunta de Compensación da Unidade de Actuación I-06 Rosalía de Castro 2 procedeu a urbanizar o tramo da rúa Rosalía de Castro comprendido entre as rúas Serafín Avendaño e García Barbón. Resulta de interese público minimizar a afección á urbanización e servizos recentemente executados. Para conseguilo o concesionario considera imprescindible reducir a anchura total do aparcamento neste tramo igualándoa ó tramo anterior sito entre as rúas Canceleiro e Serafín Avendaño. Deste modo se deixan fora do ámbito das obras de construción do aparcadoiro as beirarrúas recen construídas, se minimizan os inconvenientes para a circulación peonil pola zona e se aumenta a seguridade durante a construción das obras.*

*A vista de todo o anterior, de que as molestias que as obras na vía pública ocasionan os veciños son un factor importante a tomar en conta, que á zona estivo sometida a obras durante tres anos, que está próximo a aprobarse o “proxecto de urbanización da U.A. Metalúrxica” no entorno, así coma está otorgada á licencia do edificio da Tesorería da Seguridade Social.*

*En conclusión, por todas estas circunstancias que concurren, entendo que ó mais conveniente os intereses municipais é o proxecto modificado nº-2.*

*Se adxuntan planos de ocupación en planta de ambos modificados (documentos 1 e 2 respectivamente), nos que observa que a diferenza dos dous modificados é a diferente sección transversal no tramo dende Serafín Avendaño ata Miragalla. Así mesmo se axunta un plano coa modificación da traza a aprobar sinalado como documento nº 3.*

## **2.- Respecto a resolución da Dirección Provincial de Patrimonio da Xunta de Galicia de 28/02/2012:**

*A vista da copia da resolución da Dirección Provincial de Patrimonio da Xunta de Galicia de 13/02/2012, (entrada por Rexistro Xeral de 28/02/2012), remitida por esa Oficina de Contratación, e consultados os arquivos desta Xerencia de Urbanismo non se atopa tramitación algunha do Informe de Impacto Ambiental en ningún dos dous proxectos.*

*Sí está en cambio tramitada en 2009, en relación coa avaliación de incidencia ambiental, a Licencia de Actividade do APARCAMENTO DE RESIDENTES, tramitada a petición da concesionaria (exp.-35626/422). DOGA-28/12/2009 e BOP-30/11/2009. (adxúntase copia do anuncio).*

## **3.- Conclusión:**

*O proxecto modificado nº-2, considerado considerado como o mais conveniente os intereses municipais dende o punto de vista técnico, **non se axusta á modificación solicitada** o 14/05/2009 pola Concesionaria Cocheras Olívicas de Puentes, SA, e aprobada pola Xunta de Goberno Local ó 14/12/2009, e **en consecuencia, propoño a modificación do contrato para axustar a traza do mesmo ó proxecto constructivo de data 1 de agosto de 2008 presentado pola concesionaria, conforme o plano axuntado ó presente informe como documento nº3”.***

**Vinteún.-** *É preciso así mesmo por de releve que o aparcadoiro de uso mixto da rúa Rosalía de Castro leva anexo un aparcadoiro de uso exclusivo de residentes.*

*En data 29 de setembro de 2008, se firmou a acta de replanteo, comezando as obras de construción do mesmo. No entanto, a mercantil concesionaria paralizou as mesmas sen solicitar autorización á administración municipal nin dar conta das súas causas.*

*En datas 13 de maio de 2010 e 8 de xullo de 2011, mediante resolucións do Concelleiro de Patrimonio e da Concelleira delegada de Urbanismo respectivamente, se lle solicitou a concesionaria a reanudación das obras. No entanto, na actualidade seguen paralizadas sen ter sido solicitada a esta Administración a suspensión das mesmas.*

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**-I-**

*A concesión de servizo público para a construción e explotación de aparcadoiros subterráneos de uso mixto nas rúas Rosalía de Castro, Jenaro de la Fuente e Avenida Castelao outorgada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 21 de maio de 2007 á COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A., pode cualificarse como contrato de xestión de servizo público. Este contrato é definido pola Lei de contratos das Administracións públicas como aquel mediante o que as Administracións Públicas encomendan a unha persoa, natural o xurídica, a xestión dun servizo público (artigo 154.1 LCAP). A súa regulamentación específica está contida no título II do libro II da LCAP e no Regulamento de servizos das corporacións locais. Tamén lle serán de aplicación os preceptos establecidos na LCAP para o contrato de concesión de obras públicas (título V do libro II), por imperativo do artigo 158.2 LCAP, por comprender tamén a execución de obras.*

*Unha vez outorgada a concesión de servizo público para a construción e explotación dos citados aparcadoiros o concesionario tiña a obriga de presentar os proxectos de construción subscritos por técnico titulado superior competente no prazo dos tres meses seguintes á formalización do contrato (artigos 5.2 PCAP e 2.6 PPT).*

*Por resolución da Xunta de Goberno Local de data 2 de xuño de 2008 se procede á aprobación definitiva do proxecto construtivo do aparcadoiro subterráneo da rúa Rosalía de Castro.*

*No entanto, ante os problemas arqueolóxicos xurdidos, e a solicitude da empresa concesionaria, a Xunta de Goberno Local, en data 4 de decembro de 2009 acordou:*

***“ (...) 2º.- Modificar a traza do aparcadoiro da rúa Rosalía de Castro conforme ó Plano presentado por COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A., que se adxunta ó presente informe.***

***3º.- Solicitar á mercantil concesionaria a presentación dun novo proxecto construtivo conforme coa nova traza, para a súa aprobación polo órgano de contratación. “***

*COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A., presentou un primeiro proxecto modificado de construción do aparcadoiro de uso mixto da rúa Rosalía de Castro en data 15 de decembro de 2009 e antes da finalización da súa tramitación, presentou pola súa propia iniciativa un novo proxecto de construción en data 2 de agosto de 2011, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos D. Pablo Couto López, visado polo colexio oficial co nº-24470 de data 1/08/2011.*

*Tras ser presentado o proxecto, corresponde agora á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, decidir sobre a súa aprobación (artigo 44 PCAP). Esta aprobación require a emisión previa de informes polos servizos municipais implicados, que terán en conta as disposicións xerais de carácter legal ou regulamentario, así como a normativa técnica que resulte de aplicación (artigo 5.3 PCAP). Así, durante a tramitación deste procedemento recabáronse informes dos servizos municipais de electromecánicos; vías e obras; montes, parques e xardíns; limpeza e os servizos técnicos da Xerencia Municipal de Urbanismo.*

*Destes informes se lle deu traslado á UTE concesionaria, e en resposta as ptoalizacións ós proxectos contidas nos mesmos, COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A., presenta alegacións en data 17/10/2011.*

**-II-**

*Os proxectos de construción deberán axustarse as especificacións técnicas contidas no prego de prescricións técnicas, que determina as directrices que deberán seguirse ó redactalos e a obriga de que se axusten ó previsto no regulamento xeral de contratación (cláusula 2.6 PPT). Circunstancias que deben ser comprobadas polos diferentes servizos técnicos municipais.*

*Evacuados os citados informes dos servizos municipais, nos mesmos se formulan diversas observacións ó proxecto que son contestadas pola empresa concesionaria no trámite de audiencia evacuado.*

*O técnico supervisor das obras do aparcadoiro, á vista, tanto dos informes dos diferentes servizos municipais como das alegacións da empresa concesionaria ós mesmos, manifesta a procedencia de aprobar o proxecto con determinadas salvedades. Sen embargo, pon de manifesto que non se axusta a traza fixada polo órgano de contratación na súa resolución de data 4 de decembro de 2009. Reduce o ancho da traza no tramo da rúa Rosalía de Castro comprendido entre as rúas Serafín Avendaño e Miragaia e supón unha redución das prazas respecto ás previstas tanto no proxecto construtivo presentado en primeiro lugar como no prego.*

**-III-**

*Dado que o proxecto construtivo presentado por COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A., non se axusta a traza do aparcadoiro aprobada por resolución da Xunta de Goberno Local de data 2 de xuño de 2008 é necesario, con carácter previo á súa aprobación, proceder á modificación do contrato.*

*Resulta preciso determinar en primeiro lugar, a lexislación á aplicar a esta modificación. Os contratos se rexen en canto ós seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no Prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira do TRLCSP e disposición transitoria segunda CC), é dicir, Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas (LCAP) e Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP). Esta normativa debe ser interpretada necesariamente en coherencia coa Directiva 2004/18/CE en relación ó principio de igualdade de trato recollido no artigo 31.4 da mesma e tal e como o interpretou o TJCE en Sentenza de 29 de abril de 2004 (Succhi di frutta), na que se conclúe que “os poderes adxudicadores deben dar ós operadores económicos un tratamento igualitario e non discriminatorio, e obrar con transparencia tanto na fase anterior á adxudicación do contrato como na súa execución”. Á luz destes postulados non é admisible que durante a execución do contrato se introduzan no mesmo variacións substanciais dos elementos que foron tidos en conta no momento da adxudicación. Neste senso determina a Xunta Consultiva de Contratación Administrativa do Ministerio de Economía e Facenda, no seu ditame 9/1999 que “deben descartarse modificacións del objeto del contrato que supongan una alteración sustancial de las bases y criterios a los que responde la adjudicación del mismo mediante el sistema de licitación pública, pues celebrada mediante licitación pública la adjudicación de un contrato, tanto administrativo como privado, dado que su adjudicación se rige por las mismas normas, la solución que presenta la adjudicación para el adjudicatario, en cuanto a precio y demás condiciones, no puede ser alterada sustancialmente por vía de modificación consensuada, ya que ello supone un obstáculo a los principios de libre concurrencia y buena fe que deben presidir la contratación de las Administraciones Públicas, teniendo en cuenta que los licitadores distintos del adjudicatario podían haber modificado sus proposiciones si hubieren sido concedores de la modificación que posteriormente se produce”.*

*A lexislación de contratos das Administracións públicas recoñece ó órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de modificar os contratos por razóns de interese público, dentro dos límites e con subxección ós requisitos e efectos sinalados na mesma (artigos 59.1 LCAP e 114.1 TRRL con relación ás entidades locais), prerrogativa tamén recoñecida con respecto a este concreto contrato no artigo 30 PCAP. Esta potestade de modificación é máis intensa nos contratos de xestión de servizo público, como no caso que nos ocupa, por canto neles se entrega a prestación dun servizo de titularidade da Administración a un contratista, durante un prazo de tempo que pode chegar a ser moi prolongado, polo que resulta lóxico que aquela goce dun amplo poder discrecional para modificar o contrato cando xurdan as necesidades imprevistas non contempladas inicialmente, que fagan necesaria a modificación. Neste senso o artigo 127 do RSCL, (precepto que, como todo o Título III do que forma parte, foi declarado expresamente en vigor pola Disposición Derogatoria única, apartado 1. f) do RLCAP na medida en que non se opoña ó establecido no TRLCAP), dispón textualmente: «A Administración concedente ostentará (...) as seguintes potestades (...): Ordenar discrecionalmente, como podería dispoñer se*

*xestionase directamente o servizo, as modificacións no concedido que aconselle o interese público.*

*En uso do ius variandi o órgano de contratación poderá introducir libremente as modificacións que tiña por conveniente, previa audiencia do contratista e sen prexuízo das responsabilidades e indemnizacións que resulten procedentes no seu caso (artigo 114.2 TRRL), sempre que estas obedezan a razóns de interese público, e se cumpran estes dous requisitos:*

- Que non se formule oposición por parte do contratista.*
- Cando a contía das modificacións do contrato, illada ou conxuntamente, sexa inferior a un 20 por 100 do prezo primitivo do contrato, sendo este igual o superior a 6.010.121,04 euros.*

*En caso contrario, será preceptivo o informe do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva (artigos 59.3 e 249.2 LCAP e 114.2 e 3 TRRL).*

*O artigo 101.1 LCAP matiza que, unha vez perfeccionado o contrato, o órgano de contratación so poderá introducir modificacións por razón de interese público, sempre que sexan debidas a necesidades novas ou causas imprevistas, impondo a obriga de xustificalo debidamente no expediente (no mesmo sentido, artigo 240.1 en relación ó contrato de concesión de servizo público).*

*Neste caso a modificación se debe a causas imprevistas. Este aparcadoiro se sitúa no contorno do xacemento arqueolóxico Pontevedra-Areal, e con carácter previo a súa construción foi preciso, tal e como se detalla no antecedente terceiro deste informe, realizar sondaxes arqueolóxicas. No percurso das mesmas foron atopados vestixios arqueolóxicos de diversas épocas. Ante esta circunstancia, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, en resolución de data 21 de novembro de 2008, ordenou unha ampliación das sondaxes. COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A., co fin de evitar demoras e maiores gastos para a realización dunhas sondaxes sen ter garantida a realización do aparcadoiro coa traza prevista, circunstancia que solo podería ser determinada á vista dos resultados das mesmas, solicitou ó órgano de contratación a modificación da traza do aparcadoiro, reducíndoa lonxitudinalmente e deixando fora da mesma o tramo da rúa Rosalía de Castro comprendido entre as rúas Oporto e Canceleiro, o que evitaría a realización da escavación en área. Aprobada esta modificación polo órgano de contratación, presentaron un novo proxecto construtivo adaptado á modificación contractual acordada.*

*Durante a substanciación do procedemento para a aprobación deste proxecto modificado, a Xunta de Compensación da Unidade de Actuación I-06 Rosalía de Castro 2 procedeu a urbanizar o tramo da rúa Rosalía de Castro comprendido entre as rúas Serafín Avendaño e Garcia Barbón coa autorización tanto da administración local como da autonómica por canto a demora na urbanización estáballe orixinando prexuízos económicos.*

*Os problemas arqueolóxicos xurdidos resultaban imprevisibles posto que no Plan de Ordenación Municipal vixente no momento da adxudicación deste contrato*

*(publicado no BOP de Pontevedra nº 133, de 14 de xullo de 1993), a zona onde se sitúa o aparcadoiro non estaba sinalada como de cautela arqueolóxica.*

*O incumprimento do prazo de execución do aparcadoiro, 24 meses, fixado no artigo 6.1 do PCAP, por mor dos citados problemas arqueolóxicos impediu a coordinación da empresa concesionaria coa Xunta de Compensación da Unidade de Actuación I-06 Rosalía de Castro 2 para a urbanización do citado tramo da rúa Rosalía de Castro.*

*Tal e como manifesta o enxeñeiro municipal no seu informe de data 5 de febreiro de 2013, "Á urbanización da U.A. Rosalía de Castro II, está en servizo e foi recibida totalmente pola Xunta de Goberno Local ó 28/12/2012. Esta urbanización inclúe as cubertas do paralizado aparcamento de residentes, e un tramo da rúa Rosalía de Castro (de Serafín Avendaño a Miragalla)".*

*Unha vez que, polas razóns expostas, se urbanizou a rúa, resulta de interese público, segundo di o enxeñeiro municipal supervisor das obras nos seus informes de datas 25 de novembro de 2011 e 5 de febreiro de 2013, "minimizar a afección da construción do aparcadoiro á urbanización e servizos recentemente executados. Para conseguilo o concesionario considera imprescindible reducir a anchura total do aparcamento neste tramo, igualándoa ó tramo anterior sito entre as rúas Canceleiro e Serafín Avendaño, tal e como se recolle no proxecto modificado presentado en segundo lugar. Deste modo se deixan fora do ámbito das obras de construción do aparcadoiro as beirarrúas recen construídas, se minimizan os inconvenientes para a circulación peonil pola zona e se aumenta a seguridade durante a construción das obras". Manifesta que debe tomarse en consideración "as molestias que as obras na vía pública ocasionan os veciños (...) xa que a zona estivo sometida a obras durante tres anos. Ademais, está próximo a aprobarse o "Proxecto de urbanización da U.A. Metalúrxica" no entorno, así coma que está otorgada á licenza do edificio da Tesourería da Seguridade Social". Dos citados informes se desprende así mesmo que esta modificación non altera de modo substancial o obxecto do contrato ó implicar so unha redución de 18 prazas respecto ás 330 previstas no artigo 2.3 do PCAP tras a modificación acordada polo órgano de contratación na citada resolución de data 4 de decembro de 2009 dun dos aparcadoiros que conforman o lote.*

*Respecto os requisitos específicos esixidos para a modificación do presente tipo de contrato, concesión de servizo público, a lei so esixe que cando as modificacións afecten ó réxime financeiro do contrato, a Administración compense ó contratista de maneira que se manteña o equilibrio dos supostos económicos que foron considerados como básicos na adxudicación do contrato (artigo 163.2 LCAP e 127.2.2.a RS).*

*É dicir, o potestade de modificación unilateral da Administración o ius variandi, queda sometida a tres tipos de límites:*

- *Limites procedimentais: a previa audiencia do contratista; o informe do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva cando a contía das modificacións do contrato superen nun 20 por 100 o prezo primitivo do contrato, sendo este igual o superior a 6.010.121,04 euros; a obriga de xustificar no expediente que a*

modificación pretendida sexa debida a necesidades novas ou causas imprevistas.

- *Limites materiais:* as modificacións que impliquen unha variación do prezo do contrato en contía superior ó 20 % do seu importe necesitan a aceptación expresa do contratista.
- *Limites económicos:* a obriga da Administración de compensar ó contratista pola alteración económica que a modificación lle supoña.

No presente suposto as modificacións contractuais son solicitadas directamente polo contratista, ó que implica a súa conformidade coas mesmas.

Respecto a variación do prezo do contrato que implicaría esta modificación, dado que o plan económico financeiro da concesión esta calculado para o lote dos tres aparcadoiros, e que o prazo concesional é de 50 anos, o menor custe que puidera implicar a construción do aparcadoiro de Rosalía de Castro ó reducir a súa superficie non altera o prezo do contrato en contía superior ou inferior a un 20% do mesmo, polo que non resulta preciso solicitar ditame do Consello Consultivo de Galicia. Efectivamente, tendo en conta so unha das variables que determinan o prezo da concesión, o valor das obras de construción, resulta que o actual proxecto implica unha modificación inferior a citada porcentaxe. A concesionaria, en escrito de data 11/09/2012, cuantifica esta variación con respecto o proxecto inicialmente proposto en menos dun 18%, dato que é corroborado polo enxeñeiro municipal supervisor dos aparcadoiros, que no seu informe de data 25/11/2011 determina que a variación do proxecto modificado "Representa un decremento de - 7.242.233,78 € respecto ó proxecto que serviu de base a concesión. Esta diminución do presuposto (-7.242.233,78 €), representa a súa vez, un -17,29% do presuposto total do lote-II (41.901.959,25 €)". É preciso ter en conta que por resolución da Xunta de Goberno Local de data 04/12/2009 se reduzo a traza do aparcadoiro e se estableceu como número mínimo de prazas de aparcamento 330. Esta nova modificación supón so unha redución de 18 prazas con respecto a traza xa aprobada. No seguintes cadros se poden apreciar os citados datos:

Presuposto do Proxecto Modificado nº-2:

<b>Concepto</b>	<b>Proxecto base</b>	<b>Proxecto modificado nº-2</b>	<b>Variación</b>
Presuposto de Execución Material:	13.496.061,76 €	8.109.763,48 €	-5.386.298,28 €
Presuposto base de licitación:	16.060.313,49 €	9.650.648,54 €	-6.409.664,95 €
<b>Presuposto de ejecución por contrata (con ive do 18%):</b>	<b>18.629.963,00 €</b>	<b>11.387.729,88 €</b>	<b>-7.242.233,12 €</b>



Cadro comparativo de superficies construídas e prazas entre o proxecto aprobado, modificación solicitada e proxecto modificado nº-2:

Proxecto base		Solicitud de modificación aprobada o 4/12/2009		Modificado nº-2	
m2 construídos	prazas	m2 construídos	prazas	m2 construídos	prazas
17.936 m2	coches: 583 motos: 6	11.035 m2	coches: 320 motos: 20	11.000 m2	coches: 312 motos: 0
<b>Prazas equivalentes:</b>	<b>586</b>		<b>330</b>		<b>312</b>

\* As prazas de moto computan coma 0,50 prazas de coche.

Con relación a obriga da Administración de compensar ó contratista pola alteración económica que a modificación lle supoña, no suposto que nos ocupa heimos de ter en conta que esta modificación é solicitada polo propio concesionario e que o mesmo renuncia a realizar reclamación económica ningunha ó Concello por consecuencia da redución de prazas que conleva a modificación de planta solicitada. Así, D. Pablo Couto López, en data 11 de xuño de 2009, en nome e representación de COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A., manifesta “a renuncia da súa representada a realizar reclamación económica ningunha ó concello por consecuencia da redución de prazas que implica a modificación de planta solicitada no aparcadoiro de rúa Rosalía de Castro”, renuncia reiterada en escrito de data 10 de setembro de 2009 ó manifestar que “a súa representada renuncia a realizar ningún tipo de reclamación económica ó Concello, que puidera corresponderlle por consecuencia da modificación de planta solicitada para o aparcadoiro de Rosalía de Castro, do que é concesionaria, en aplicación do artigo 163 do Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, Lei de contratos das Administracións Públicas, que impón á Administración a obriga de compensar ó contratista de maneira que se manteña o equilibrio dos supostos económicos que foron considerados como básicos na adxudicación do contrato. En particular, non se reclamarán nin o maior custe de inversión que puidera supoñer o aparcadoiro coa nova traza, nin os menores ingresos que se deriven da redución de prazas nin os maiores custos de explotación”.

Se ben esta modificación non implica gastos para a Administración municipal, no entanto, é de ter en conta que a redución do número de prazas do aparcadoiro implica unha redución do canon a pagar, xa que este se fixa en función das prazas (artigo 62 PCAP), polo que resulta precisa a previa fiscalización do gasto por parte da Intervención municipal (artigo 114.3 TRRL).

A resolución administrativa ditada en exercicio da potestade administrativa de modificación terá que ser motivada (artigo 54.1.a LRJAP) e será precisa a súa formalización, nos termos do artigo 54 LCAP (artigo 101.2 LCAP).

*Unha vez adoptado o acordo de modificación, este poñerá fin á vía administrativa e será inmediatamente executivo (artigos 59.1 LCAP e 114.3 TRRL).*

**-IV-**

*O técnico supervisor das obras do aparcadoiro, no seu informe de data 25 de novembro de 2011, formulado á vista tanto dos informes dos diferentes servizos municipais como das alegacións da empresa concesionaria ós mesmos, conclúe que procedería aprobar o proxecto con determinadas salvedades.*

*Tendo en conta que a resolución de data 13 de febreiro de 2012 do xefe territorial da Consellería de Medio Ambiente determina que “a actividade de construción de aparcadoiro solicitado por COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES S.A., ten a necesidade de sometemento ao procedemento de avaliación de incidencia ambiental regulado no Decreto 133/2008, de 12 de xuño”, é preciso tramitar este procedemento con carácter previo á aprobación do proxecto construtivo.*

**-V-**

*En data 29 de outubro de 2010, COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES S.A., presenta o estudo económico financeiro da concesión tras a modificación de traza do aparcadoiro mixto de Rosalía de Castro e solicita o reequilibrio económico financeiro da mesma. Tras determinar que o concesionario nesa data necesitaría una compensación económica de 18.124.277 € para poder desenvolver a concesión, xustifica esta solicitude en causas sobrevidas e imprevisibles as cales condensa na falla de demanda para as cesións en uso das prazas reservadas a residentes, que determinan a ruptura do equilibrio económico-financeiro da concesión.*

*Esta cuestión debe ser analizada tendo en conta que é un principio básico da contratación administrativa consagrado no noso ordenamento xurídico o principio de que os contratos execútanse a risco e ventura do contratista. Este principio se declara de forma explícita no artigo 98 TRLCAP a cuxo tenor “A execución do contrato realizarase a risco e ventura do contratista”. Polo que respecta ás concesións de xestión de servizos públicos, refórzase no artigo 156 que dispón “A contratación da xestión dos servizos públicos poderá adoptar as seguintes modalidades: a) Concesión, pola que o empresario xestionará o servizo ao seu propio risco e ventura”. Este principio non ten máis excepcións que as que eventualmente estivesen previstas no propio prego ó amparo da liberdade de pactos que establece o artigo 4 da citada lei. No entanto, no caso que nos ocupa, o PCAP non establece ningunha excepción ó mesmo por mor da escaseza da demanda de prazas, antes ben, o contrario determina no seu artigo 33.2 que “A totalidade do contrato, nos seus aspectos de construción, xestión, explotación, conservación e financiación, desenvólvese a risco e ventura do concesionario. En particular, o concesionario asume:*

- a) O risco e ventura derivado do custo, vicios e defectos de construción.*
- b) O risco e ventura da evolución das condicións financeiras do mercado ó longo do prazo concesional.*
- c) O risco e ventura de demanda de uso, sen que poida reclamarse do Concello de Vigo ningunha compensación polo feito de que a evolución*

*real da mesma difira do previsto na súa proposición. O concello non outorga ningunha garantía en relación co contido das previsións de demanda do servizo incluídas no anteproxecto de explotación”.*

*Podemos concluír, á vista destes postulados, que a falla de demanda tanto de cesión en uso de prazas de residentes como a baixa demanda de prazas de rotación nos aparcadoiros de Jenaro de la Fuente y Castela, xa en explotación, é un dos riscos normais da actividade empresarial que debe ser asumido polo concesionario na execución do contrato, e en consecuencia os seus efectos económicos desfavorables para o empresario non poden ser repercutidos sobre a Entidade concedente tanto en aplicación do citado principio xeral de risco e ventura do contratista como do especificado no PCAP que o rexe.*

*Tampouco é unha circunstancia que rompa o equilibrio contractual, tal e como afirma a concesionaria, que o aparcadoiro da rúa Rosalía de Castro teña que ser máis pequeno por mor dos problemas arqueolóxicos xurdidos ó ser atopados restos arqueolóxicos no curso das sondaxes realizadas con carácter previo a construción do mesmo. Efectivamente no prego prevíase que a capacidade mínima deste aparcadoiro sería de 520 prazas e tras a modificación acordada polo órgano de contratación en data 4 de decembro de 2009 se fixou este mínimo en 330. Sen embargo, a priori, ó ter continuado coas sondaxes arqueolóxicas impostas pola Resolución da Delegación Provincial de Pontevedra da Consellería de Cultura, de data 21 de novembro de 2008, non implicaba necesariamente que non se puidese realizar o aparcadoiro coa traza inicialmente aprobada, circunstancia que so podería determinarse á vista do resultado das mesmas. A redución da traza e a conseguinte redución de prazas se produzo a instancias da empresa concesionaria que a solicitou ante a incerteza do resultado destas sondaxes, o que se engadía a circunstancia de que o ter que realizar a escavación en área implicaría un cambio do método construtivo previsto inicialmente para a construción do aparcadoiro, o método inverso, por una escavación a ceo aberto, ou ben pola execución do método inverso pero sen forxado intermedio. A administración municipal, ante estas circunstancias, e dado que o cambio de traza evitaba dilacións na construción do aparcadoiro, evitaba incrementos no custe de construción do mesmo e molestias ó concesionario, e tendo en conta que non implicaba custes para a facenda municipal, optou por aprobar a modificación da traza. E non resulta coherente primeiro solicitar a redución de traza e prazas e renunciar a solicitar compensacións por este concepto e a continuación reclamar a ruptura do equilibrio da concesión e a indemnización correspondente.*

*En efecto, o concesionario renunciou, mediante escrito de con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 11/06/2009, “a realizar reclamación económica ningunha ó concello por consecuencia da redución de prazas que implica a modificación de planta solicitada no aparcadoiro de rúa Rosalía de Castro”. Renuncia reiterada en escrito con data de entrada no Rexistro Xeral de 08/09/2009, ó manifestar que “renuncia a realizar ningún tipo de reclamación económica ó Concello, que puidera corresponderlle por consecuencia da modificación de planta solicitada para o aparcadoiro de Rosalía de Castro, do que é concesionaria, en aplicación do artigo 163 do Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, Lei de contratos das Administracións Públicas, que impón á Administración a obriga de compensar ó contratista de maneira que se manteña*

*o equilibrio dos supostos económicos que foron considerados como básicos na adxudicación do contrato. En particular, non se reclamarán nin o maior custe de inversión que puidera supoñer o aparcadoiro coa nova traza, nin os menores ingresos que se deriven da redución de prazas nin os maiores custos de explotación". De non ter mediado esta renuncia, o órgano de contratación non houbera accedido a redución da traza solicitada, pois sería obrar en contra dos intereses da facenda municipal.*

*Hai que ter en conta que, tal e como se desprende da Lei 8/1995, de 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia, se o concesionario tivera continuado coas sondaxes, de ser encontrados restos arqueolóxicos, a Xunta de Galicia para proceder a súa conservación, estaría sometida o disposto ó respecto pola lexislación vixente sobre expropiación forzosa (artigo 59) que impón a indemnización por calquera forma de privación de dereitos o intereses patrimoniais lexítimos (artigo 33 CE). E en calquera caso, se encontrasen ou non restos, o concesionario tería dereito a ser resarcido pola administración autonómica dos gastos ocasionados polas sondaxes e pola demora na construción da obra. Gastos que en ningún caso lle houberan correspondido á administración municipal, que accedeu a modificación so para aforralle inconvenientes, gastos e demora na posta en funcionamento do aparcadoiro á mercantil concesionaria, e á vista de que acceder ó solicitado non lle supoñía gastos.*

*Neste senso, a sentenza 822/2009 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia establece que "Esta Sala ha declarado en sentencias de 18-4-02, 29-11-07, 12-2-09 y 26-3-09 que los expresados términos del artículo 63.2 de la Ley 8/95 ("colaborará en la financiación del coste de la ejecución del proyecto"), indiscutiblemente imperativos, impiden aceptar que se trate de una previsión legal de colaboración voluntaria, y que esa colaboración responde a una elemental exigencia, como es la de que lo que constituye un beneficio colectivo no se apoye en el mantenimiento de un injustificado perjuicio para un particular; y también, que en cuanto a la determinación del grado exigible de compensación, ante la falta de especificación o detalle al respecto en la normativa aplicable, debe entenderse que tal compensación debe cubrir los gastos realmente generados por la actividad arqueológica, estrictamente entendida; siempre que no exista un acuerdo o convenio entre el particular y la Administración, en cuyo caso deberá ser respetado, pues así debe "inferirse de los artículos 63 de la Ley 8/1995- y 43 de la Ley 16/1985; que se remite a la legislación vigente sobre expropiación forzosa".*

*Podemos concluir, o fío da lexislación e xurisprudencia ó respecto citada nos parágrafos anteriores, que se o concesionario tivese continuado coas sondaxes a Xunta de Galicia tería a obriga de indemnizalo polos custes en que tivese incorrido e polos danos e prexuízos causados ós seus lexítimos intereses, máis nunca sería responsable destes gastos e indemnizacións a administración municipal. E se a Administración municipal accedeu de boa fe a modificar ó contrato en aras de evitarlle ó concesionario gastos, molestias e maiores demoras o fixo á vista da renuncia do mesmo a reclamarlle ningunha indemnización por este concepto. Non procede neste intre procesual manifestar que non se renuncia cando xa se ten renunciado no momento no que se solicitou a modificación da traza.*

*E a actuación da concesionaria COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES S.A., co seu escrito de data 11/09/2012, no que manifesta a súa intención de non renunciar a calquera indemnización que puidera corresponderlle por mor da redución de prazas do aparcadoiro, que considera se debe a causas sobrevidas e alleas a súa responsabilidade, tras ter renunciado previamente nos escritos citados, implica unha creba da boa fe que debe presidir as relacións entre a administración e os seus contratistas. Esta administración, dende o momento do outorgamento da concesión ten velado polos intereses do seu contratista e mantido unha actitude de colaboración permanente, acordando as modificacións solicitadas polo mesmo dentro da legalidade vixente, como a execución simultánea dos aparcadoiros de Jenaro de la Fuente e Castelaou ou a redución da traza de Rosalía para evitar maiores custes para o concesionario e a demora na construción dos aparcadoiros, pero sen perder de vista o interese público que debe protexer, razón pola que se esixiu o concesionario con carácter previo á modificación do contrato, a renuncia a posteriores indemnizacións por estes conceptos.*

*Temos que recordar ademais, que o equilibrio desta concesión esta baseado na explotación de tres aparcadoiros, un deles, o da rúa Rosalía de Castro, desdoblado a súa vez en dous, un de uso exclusivo para residentes e o outro de uso mixto, para residentes e rotación. Dado que de momento o concesionario so ten construído dous, resulta precisa a construción do aparcadoiro da rúa Rosalía de Castro, tanto o de uso mixto como o de residentes anexo ó mesmo para determinar, unha vez que comece a explotación dos mesmos, se se ten producido ou non a ruptura do equilibrio da economía do contrato.*

*É preciso por de releve que o aparcadoiro de uso mixto de momento non se ten construído por canto tras a modificación de planta solicitada se teñen presentado pola concesionaria dous proxectos diferentes, versando o presente expediente precisamente sobre a oportunidade da aprobación do último deles. No entanto, non hai ningunha causa obxectiva que xustifique a paralización por parte da concesionaria do aparcadoiro de residentes anexo ó mesmo, o cal non resultou afectado polos problemas arqueolóxicos xurdidos. Polo tanto, resulta necesario requirir á concesionaria que continúe coa súa construción, so pena de incoar expediente sancionador polo incumprimento das súas obrigacións contractuais.*

*Por último, tal e como informa o Sr. Xefe da área de Investimentos “o Plan Económico Financeiro aportado pola entidade concesionaria non responde á petición desta Administración Municipal, en canto que se introducen no análise económico financeiro da concesión novos factores totalmente independentes da incidencia que poida supoñer para a xestión deste servizo público a mera modificación, por redución de superficie do aparcadoiro de Rosalía de Castro”. Pon de releve tamén que non se ten en conta a renuncia formulada polo concesionario.*

*Podemos concluír, á vista do exposto neste fundamento xurídico, que:*

- Nin a falta de cesión en uso de prazas de residentes, nin a baixa demanda de prazas de rotación nos aparcadoiros en explotación deste lote, nin a*

redución de prazas do aparcadoiro de uso mixto de Rosalía de Castro rompen o equilibrio económico da concesión.

- Que para determinar a ruptura do equilibrio económico da presente concesión é preciso previamente finalizar a construción dos aparcadoiros, mixto e de residentes, da rúa Rosalía de Castro. E unha vez construídos e postos en funcionamento é cando, á vista dos gastos e ingresos xerados pola súa explotación, se estará en condición de determinar se se ten producido ou non a ruptura do equilibrio económico da concesión.
- Resulta necesario que o concesionario presente un novo estudo económico financeiro da concesión, ciñéndose no seu contido ó disposto no prego de cláusulas administrativas particulares e que teña en conta a citada renuncia formulada pola concesionaria.

#### **-VI-**

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da intervención xeral (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda do TRLCSP).

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

**“1º.- Modificar o artigo 2.3 do Prego de cláusulas técnicas e administrativas do concurso para a xestión mediante concesión de servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto en diferentes lugares da cidade, o cal quedaría coa seguinte redacción:**

**“As capacidades mínimas dos aparcadoiros serán as seguintes:**

- **Lote 1: Rúa Areal 320 prazas, Rúa Policarpo Sanz 560 prazas e Rúa Pintor Colmeiro 390 prazas.**
- **Lote 2: Avenida de Castelao 366 prazas, Rúa Jenaro de la Fuente 445 prazas e Rúa Rosalía de Castro 312 prazas mais 70 prazas de uso exclusivo para residentes en aparcadoiro contiguo exento e vinculado. ”**

**2º.- Modificar a traza do aparcadoiro da rúa Rosalía de Castro conforme ó Plano que se adxunta ó presente informe.**

**3º.- Someter o proxecto construtivo do aparcadoiro de uso mixto da rúa Rosalía de Castro, presentado por COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A., en data 2 de agosto de 2011, redactado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos D. Pablo Couto López, visado no colexio oficial, con visado nº-24470 do 01/08/2011. ó procedemento de avaliación de incidencia ambiental. Unha vez obtido o ditame de incidencia ambiental**

***será sometido á aprobación deste órgano de contratación co obxecto de proceder ó seu replanteo e a posterior execución do mesmo.***

***4º.- Denegar a solicitude de reequilibrio económico financeiro da concesión, formulada por COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A., en escrito de data 29 de outubro de 2010, por canto non procede revisar o equilibrio da concesión neste intre procedimental polas razóns expresadas no fundamento xurídico V e non ter relación coa modificación do que versa esta proposta.***

***5º.- Requirir á Concesionaria a reanudación, no prazo dun mes, da construción do aparcadoiro de residentes anexo ó aparcadoiro de uso mixto da rúa Rosalía de Castro con apercibimento de imposición de penalidades en caso de incumprimento.***

***6º.- Dar traslado do proxecto construtivo citado á Xerencia Municipal de Urbanismo para a tramitación do procedemento de avaliación de incidencia ambiental.***

***7º.- Dar traslado do presente acordo á Concesionaria e ós servizos municipais implicados.”***

**5(175).- REVISIÓN DE OFICIO DE ACTOS ANULABLES RELATIVOS ÁS REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DO SERVIZO DE RETIRADA, INMOBILIZACIÓN, DEPÓSITO E XESTIÓN DE VEHÍCULOS INDEBIDAMENTE ESTACIONADOS NA VÍA PÚBLICA. EXPTE. 19/242.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do seguinte informe-proposta do 28-02-2013, da técnica de administración xeral do Servizo de Contratación conformado pola concelleira-delegada de área e informado pola Intervención Xeral Municipal e pola Asesoría Xurídica en datas 01 e 06 de marzo de 2013, respectivamente:

**“NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto - Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRJAP).
- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño, texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas (LCAP).

- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais (RS).
- Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Presupostaria (LGP).
- Código Civil (CC).
- Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo (TRLRFL).
- Prego de condicións técnicas que rexe a concesión do servizo público de retirada, inmovilización, depósito e xestión de cobro dos vehículos indebidamente estacionados na vía pública, aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de Vigo de data 21 de marzo de 2005 (PCAP).
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a concesión do servizo público de retirada, inmovilización, depósito e xestión de cobro dos vehículos indebidamente estacionados na vía pública, aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de Vigo de data 16 de xaneiro de 2006 (PPT).

## **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** En data 8 de xaneiro de 2007, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo acordou adxudicar a SETEX-APARKI, S.A., o concurso para a concesión do servizo público de retirada, inmovilización, depósito e xestión de cobro dos vehículos indebidamente estacionados na vía pública.

**Segundo.-** En data 23 de marzo de 2009, a Xunta de Goberno Local aproba a primeira revisión do prezo do contrato, correspondente a anualidade abril 2008/marzo de 2009, segunda do contrato, ascendendo o prezo revisado a 2.016.678,20 euros.

**Terceiro.-** En data 14 de xuño de 2010, a Xunta de Goberno Local aproba a segunda revisión do prezo contractual, correspondente a terceira anualidade do contrato que abrangue o período abril de 2009/marzo de 2010, ascendendo o prezo revisado a 2.293.269,71 euros.

**Cuarto.-** En data 8 de novembro de 2010, a Xunta de Goberno Local aproba a terceira revisión do prezo contractual, correspondente a cuarta anualidade do contrato que abrangue o período abril de 2010/marzo de 2011, ascendendo o prezo revisado a 2.312.456,26 euros.

**Quinto.-** En informe de data 5 de decembro de 2012, a técnico de administración especial municipal pon de releve a existencia dun erro nas revisións practicadas ata a data. Segundo informa de acordo co PCAP nos dous primeiros anos de explotación do servizo no prezo do contrato se imputaban os gastos de aluguer dos terreos destinados a depósito provisional, en tanto que a partir do terceiro ano se imputaban os gastos de amortización dos terreos



ocupados polo depósito definitivo. No entanto, nas revisións de prezos aprobadas se incluíron no importe do prezo a revisar tanto os gastos en concepto do aluguer como o importe das amortizacións técnicas das inversións que a empresa se había comprometido a realizar. En consecuencia a empresa recibiu cantidades que non lle correspondían segundo se recolle no seguinte cadro, no que se reflicten o importe que facturou a empresa dende abril de 2009 ata abril de 2011 e o importe do prezo revisado sen incluír ou ben os gastos de aluguer ou ben os de amortización segundo corresponda a anualidade de que se trate:

	<b>Abril 2007/2008</b>	<b>Abril 2008/2009</b>	<b>Abril 2009/2010</b>	<b>Abril 2010/2011</b>
<b>Pagos efectuados (segundo revisión de prezos aprobadas)</b>	1.692.440,00 €	2.016.678,63 €	2.293.270,63 €	2.310.465,25 €
<b>Prezo revisado</b>	1.692.440,00 €	1.665.082,25 €	1.698.127,35 €	1.807.071,49 €
<b>Diferencia</b>	0,00 €	351.596,38 €	595.143,28 €	503.393,76 €

Segundo os datos consignados neste cadro SETEX-APARKI, S.A., ten cobrado indebidamente no período comprendido entre abril de 2008 e marzo de 2011 1.450.133, 42 €.

**Sexto.-** Do citado informe se lle deu trámite de audiencia ó concesionario, que formulou alegacións en data 27 de decembro de 2012.

**Sétimo.-** En data 27 de febreiro de 2013, a técnico de administración especial municipal emite informe sobre as alegacións formuladas por SETEX-APARKI, S.A., no trámite de audiencia evacuado.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A concesión de servizo público para a retirada, inmovilización, depósito e xestión de cobro dos vehículos indebidamente estacionados na vía pública outorgada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 8 de xaneiro de 2007 á SETEX-APARKI, S.A., pode cualificarse como contrato de xestión de servizo público. Este contrato é definido pola Lei de contratos das Administracións públicas como aquel mediante o cal as Administracións Públicas encomendan a unha persoa, natural o xurídica, a xestión dun servizo público (artigo 154.1 LCAP). A súa regulamentación específica está contida no título II do libro II da LCAP e no Regulamento de servizos das corporacións locais.

**Segundo.-** É preciso comezar por determinar a lexislación aplicable o presente contrato. Os contratos se rexen en canto ós seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no

propio contrato e no Prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira do TRLCSP e disposición transitoria segunda CC). En consecuencia, o presente contrato réxese polas seguintes disposicións:

- Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas (LCAP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).

**Terceiro.-** A LCAP admite nos contratos administrativos a revisión de prezos sempre que se cumpran dous requisitos (artigo 103):

- Que o contrato se tiña executado no 20 % do seu importe.
- Tiña transcorrido un ano dende a súa adxudicación.

É dicir, que nin a porcentaxe do 20 %, nin o primeiro ano de execución, contado dende a data de adxudicación, poden ser obxecto de revisión.

Partindo destas premisas, o PCAP que rexe a concesión que nos ocupa regula a revisión de prezos na cláusula VII. Establece un sistema de revisión anual (ap. 1) procedendo practicar a primeira revisión de prezos unha vez transcorrido o primeiro ano de vixencia do contrato, e as seguintes transcorrido un ano dende a inmediatamente anterior (ap. 5). Nos apartados 2 e 3 se establecen dous sistemas de revisión, opción a e opción b, polas que debería optar o adxudicatario. Neste caso, SETEX-APARKI, S.A., na súa oferta optou pola opción a.

A fórmula de revisión é a seguinte ( Cláusula VII. 2):

**“ Para a opción a) a revisión se efectuará de acordo coa seguinte fórmula:**

$$\text{Prezo actualizado} = [(Po - \text{amortización})^k + \text{amortizacións}] \times T$$

Na que: Po = Prezo inicial do contrato IVE excluído.  
T = Índice multiplicador que recolle o tipo impositivo do IVE aplicable a operación.  
 $k = A (Mt/Mo) + B (Gt/Go) + C (Rt/Ro)$

A, B e C son coeficientes ponderados de participación (expresados en centésimas), relativos á incidencia porcentual de cada un dos índices correspondentes ós capítulos de persoal (A), combustibles e lubricantes (B) e outros gastos fixos anuais (C).

O concepto amortización defínese como o "valor do termo constante da renda inmediata post-pagable necesaria para amortiza-lo capital investido -obxecto de reversión- en "n" períodos de tempo, o tanto unitario "i", en base a pagamentos mensuais".

O tanto unitario "i" será o EURIBOR a un ano (ou inmediato prazo inferior) ou índice que o substitúa o día que se publique o anuncio de licitación no BOE, máis

unha marxe de 1 punto porcentual ou menor diferencial que poidan ofrece-los licitadores nas súas propostas económicas.

O referido termo representativo da amortización dos investimentos non será obxecto de revisión automática a través da fórmula polinómica; sen embargo si se considerará no prezo do contrato o maior ou menor custo que poida supoñer para o concesionario a renovación do material móbil unha vez transcorrido o seu período de vida útil, así como a corrección que proceda en función do tipo de referencia EURIBOR que sexa de aplicación o día da data de revisión, aumentando ou diminuindo a referida cota constante segundo o cadro de amortizacións que para o efecto se elabore.

As diferencias positivas ou negativas entre ámbalas dúas anualidades dará lugar a unha diminución ou aumento do contrato, que terá o seu percibo o día seguinte da entrada en funcionamento dos novos equipos e repercutirase na facturación do mes inmediato posterior á incorporación dos mesmos.

No cálculo da anualidade de amortización para a renovación dos medios técnicos, terase sempre en conta o valor residual obtido pola concesionaria no alleamento dos equipos, que será descontado do novo prezo de adquisición.

Os coeficientes de ponderación entenderanse sometidos á seguinte restricción:

$A+B+C=1$  e deberán ser determinados polos licitadores nas súas propostas económicas.

$M_t/M_o$  = Índice xeral correspondente ó incremento real dos custos de persoal obtidos segundo as seguintes expresións  $M_t/M_o = C_{pn}(t)/C_{pn}(o)$  sendo "Cpn" o custo medio real para a categoría de conductor, segundo convenio colectivo nos anos "t" de revisión e "o" do ano que rematou o prazo de presentación de proposicións. A variación anual deste índice non poderá ser superior á que experimente o IPC incrementado en 1,5 puntos.

$G_t$  = Custo medio ponderado de combustibles para automoción no ano da revisión (t).

$G_o$  = Custo medio ponderado de combustible para automoción no ano da licitación (o).

$R_t$  = Outros gastos, no momento da revisión, calculado por aplicación do IPC nacional correspondente ó mes no que se realiza a revisión (para a opción 2 se incluírá neste apartado o custe do contrato de alugamento do terreo).

$R_o$  = Outros gastos no momento da adxudicación calculado pola aplicación do IPC correspondente ó mes no que finalice o prazo de presentación de propostas. (para a opción 2 se incluírá neste apartado o custe do contrato de alugamento do terreo)".

**Cuarto.-** A técnica de administración especial, en informe de data 5 de decembro de 2012 se refire a estas revisións practicadas. Pola súa relevancia se reproduce integramente o mesmo:

“Por este servizo de Patrimonio informanse dende o ano 2008, as revisións de prezos do contrato administrativo do servizo de retirada, inmovilización depósito e xestión de vehículos indebidamente estacionados na vía pública, adxudicado a empresa Setex-Aparki S.A., por acordo da Xunta de Goberno Local de 8 de xaneiro de 2007, por un prezo anual de 1.692.440 euros/ano, para a primeira anualidade do contrato e 1.714.226 euros/ano a partir da quinta anualidade impostos incluídos.

A data actual a última revisión de prezos efectuada, foi aprobada pola XGL de 8 de novembro de 2010, corresponde a anualidade abril 2010 a abril 2011, estando en trámite a revisión correspondente a abril 2011/marzo 2012 ( expte. 19296-240), e que sería a cuarta revisión do prezo do contrato.

Por parte da Intervención Xeral, a hora de efectuar a fiscalización desta cuarta revisión, solicitouse unha aclaración con respecto o cálculo da amortización técnica e gastos financeiros que se imputaban na proposta do prezo revisado, feito que levou a que se revisase, o expediente administrativo de adxudicación e a oferta da empresa.

Consultado o expediente detectase que nos dous primeiros anos do contrato a empresa non estivo ocupando os terreos que ofertou para a prestación do servizo, senon que, debido as obras que se debían efectuar nos mesmos, suscribiu un contrato de aluguer , por dou anos, coa Empresa TRONCALVA S.L., en data 11 de xullo de 2006, por un importe de 30.000,00 euros mensuales, 360.000,00 euros/anuais, mailo IVE. O importe do gasto de aluguer de 360.000,00 euros estaba contemplado no presuposto do primeiro ano do contrato, engoblado no concepto de " Otros Gastos" (430.311,00 euros). A pesar de que no capítulo IV do presuposto do primeiro ano, non se especificaba o importe referente o aluguer por importe de 360.000,00 euros, éste sí aparece recollido na estrutura de costes de explotación do servizo na Partida 3ª "Otros gastos "como "Aportación de instalaciones de depósito".

O feito de que non se recollese de forma expresa no presuposto para o primeiro ano do contrato, levou, a que na segunda revisión de prezos e terceira, por descoñecemento da existencia do mesmo, se seguira contemplando no importe do prezo a revisar o concepto do aluguer, o mesmo tempo que incluíanse no prezo revisado, o importe das amortizacións técnicas das inversións que a empresa se había comprometido a realizar.

Debese engadir que a pesar de que tanto no prego de condicións, como no contrato, non se recolle *"literalmente"* que se deba efectuar tal substitución de costes, ésta resulta lóxica, xa que non se vai estar pagando un gasto a empresa que a partir do terceiro ano non forma parte da composición do prezo do contrato, o mesmo tempo que sí se contempla un novo coste ( a amortización técnica por importe de 497.473 euros) que non formaba parte do prezo inicial.

Respecto o anterior, no expediente administrativo, figura o informe de fiscalización do expediente de contratación, do Interventor Xeral, de data 4 de xaneiro de 2007, no que se recolle textualmente, con respecto a oferta económica do licitador, entre outros aspectos o seguinte *"sin embargo la imputación de la amortización de los terrenos a partir del tercer año situa al precio del contrato a partir de esta anualidad, una vez deducido el coste de alquiler de los terrenos destinados a depósito provisional que solamente se imputan en los dos primeros años de explotación..."* .

Así mesmo, na *proyección de estados financeiros* presentados pola empresa, e que forman parte da oferta económica, vemos que na composición da conta de resultados a amortización do inmovilizado pasa a ser de 37.672 euros no ano 1, a 497.473 euros no ano 3. En canto o capítulo de outros gastos pasa de 430.311 € no ano 1, a 80.496 € no ano 3.

O cambio da estrutura de costes do prezo do contrato, a hora de efectuar as revisións de prezos, non supón un cambio na fórmula de revisión prevista no Prego de Condicións administrativas que rexeu a Contratación, senon que se trata dunha nova estrutura de costes do prezo a revisar, dado que os gastos de aluguer non poden seguir formando parte de éste, cando en realidade non se están producindo, e ademais estanse contemplando os importes das amortizacións técnicas da inversión dos terreos e da nave que no seu día ofertou a empresa.

Tratase de suprimir no prezo do contrato obxecto de revisión os gastos do contrato de aluguer e engadir a éste, unha vez revisado, xa que as amortizacións non son obxecto de revisión, a amortización técnica da inversión que empeza a contemplarse na terceira anualidade.

Polo exposto, no apartado seguinte procese a efectuar o cálculo das revisións de prezos para as anualidades abril 2009/marzo 2010 e abril de 2010/marzo de 2011, que se viron afectados por esta dobre imputación de costes, e así mesmo calcularase o importe das diferencias entre éstas, e as revisións efectuadas e aprobadas pola XGL. O mesmo tempo imputaranse os gastos financeiros reais (intereses), xa que o desenvolvo do importe dos terreos non se efectuou ata agosto de 2010, este feito afecta as revisións de abril 2008/2009, abril de 2009/2010, e abril/xullo de 2010:

#### **A) Primeira revisión do contrato, anualidade abril 2008/marzo de 2009.**

Na primeira revisión o prezo revisado e aprobado na XGL de 23 de marzo de 2009 ascende a 2.016.678,20 euros.

Nesta primeira revisión, que corresponde coa segunda anualidade do contrato, non tiñan incidencia os gastos de amortización dos terreos e a nave, e continuabase incluíndo na estrutura de costes o prezo do contrato de aluguer dentro do capítulo de "outros gastos".

Sen embargo imputáronse os gastos financeiros do total da inversión ofertada pola empresa, polo que se se desconta o importe correspondente os terreos o prezo revisado quedaría establecido na seguinte cuantía:

$$\text{Prezo revisado} = ( 1.459.000,00 - ( 37.672,00 + 180.063,00) \times 1,097 + (37.672,00 + 36.076,03) \times 1,16 = 1.665.082,25 \text{ euros.}$$

#### **B) Segunda revisión do contrato, anualidade abril 2009/marzo de 2010.**

Na anualidade abril de 2009/marzo de 2010, que corresponde a terceira do contrato, entra no computo do prezo revisado o importe da amortización técnica dos terreos, que segundo a proyección dos estados financeiros presentados pola empresa adxudicataria, e que forman parte da oferta económica, ascenden a 497.743,00 euros, cantidade que se deberá engadir o prezo do contrato unha vez revisado.

É nesta segunda revisión do prezo contractual, que foi aprobada en data 14 de xuño de 2010, por un importe de **2.293.269,71** euros, e con un Kt= 1,0889, donde se produce a incidencia da duplicidade de gastos, xa que se contemplaron conxuntamente por unha

parte os gastos de aluguer da nave, que formaba parte do prezo inicial a revisar, e por outra os gastos da amortización do coste dos terreos e nave que a empresa no seu día ofertou ó Concello.

Se efectuamos a revisión do prezo contractual, incluíndo a amortización técnica mencionada e os gastos financeiros correspondentes e descontamos o importe do aluguer o prezo revisado, quedaría no seguinte importe :

$$\text{Prezo revisado} = (1.459.000 - (37.672,00 + 180.063,00 + 360.000,00)) = 881.265 \times 1,0889 = 959.609,46 + (497.743 + 6.550,43) = 1.463.902,89 \times 1,16 = \mathbf{1.698.127,35} \text{ euros.}$$

### **C) Terceira revisión, anualidade abril 2010/marzo de 2011.**

Esta revisión foi aprobada na XGL de 8 de novembro de 2010, proponéndose como prezo revisado a cantidade de 2.312.456,26 euros e con un coeficiente de revisión aprobado de  $K_t = 1,1238$ .

Argumentando o mesmo que no apartado anterior B), e tendo en conta que en xullo de 2010 producese o cambio do tipo impositivo do 16% ó 18%, o prezo revisado excluindo os gastos de aluguer, ascendería o seguinte importe:

$$\text{Prezo revisado} = (1.459.000,00 - (37.672 + 180.063 + 360.000,00)) = 881.265 \times 1,1238 = 990.365,60 + 497.743 + 49.824,69 = 1.537.933,19 \text{ euros.}$$

Pola incidencia no cambio do IVE, o prezo do contrato calculariase:

$$1.537.933,19 \times 3/12 \times 1,16 = 446.000,62 \text{ euros.}$$

$$1.537.933,19 \times 9/12 \times 1,18 = 1.361.070,87 \text{ euros.}$$

**TOTAL PREZO REVISADO 1.807.071,49 euros.**

***Seguidamente procederemos a calcular a diferenza entre o importe do prezo revisado sin incluír os gastos de aluguer e coa imputación de interese correcta, e o importe que facturou a empresa dende abril de 2009 ata setembro de 2012:***

	Abril 2007/2008	Abril 2008/2009	Abril 2009/2010	Abril 2010/2011	Abril 2011/2012	Abril 2012/setembro 2012
<b>Prezo revisadosen computar os gastos de aluguer.</b>	1692440	1665082,25	1698127,35	1.807.071,49	1.807.071,49	903535,74
<b>Pagos efectuados( segundo revisión de prezos aprobadas)</b>	1692440	2016678,63	2293270,63	2310465,25	2322304,44	1161152,76
<b>Diferencia</b>	0	351596,38	595143,28	503393,76	515232,95	257617,02
					<b>Total diferenza</b>	<b>2222983,39</b>

**Quinto.-** D. Jaime López Aguilar, en nome e representación de SETEX-APARKI, S.A., mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 27

de decembro de 2012, formula alegacións ó citado informe proposta da técnica de administración especial de data 5 de decembro de 2012.

A primeira das alegacións se limita a consignar o prezo do contrato e a fórmula de revisión do prezo elixida.

Na alegación segunda se identifican os acordos da Xunta de Goberno Local nos que se aprobaron as revisións de prezos obxecto deste procedemento. Manifesta a mercantil concesionaria que “en las revisiones de precios que ahora se pretenden modificar se incluyeron los gastos financieros de la inversión que constan en la oferta económica de SETEX aprobada por el ayuntamiento y en la proyección de los estados financieros durante toda la vida del contrato. En consecuencia, no procede la modificación de los referidos acuerdos porque se ajustan a lo dispuesto en el PCAP y en la oferta económica de la adjudicataria”.

Na terceira alegación se refire xa especificamente a proposta de revisión dos acordos de revisión de prezos aprobados.

Con respecto á primeira revisión manifesta que “se pretende restar del precio los costes financieros de la inversión de la nave con base en que durante los dos primeros años la empresa no estuvo ocupando los terrenos que oferto para la prestación del servicio sino que pagaba un alquiler por otros locales. Aclara que “SETEX incluyo en su oferta económica como costes finacieros los intereses que resultan del cálculo de la anualidad teórica constante necesaria para amortizar el capital invertido (7.502.612, 56 € durante el plazo de 16 años, al 2.4 % de interés anual y según pago por anualidades vencidas y dichos costes ya fueron aceptados en la primera anualidad del contrato”. E considera que esta cuestión xa foi analizada polo Xefe do Servizo de Investimentos e polo Interventor Xeral, en informes de datas 11 de decembro de 2006 e 4 de xaneiro de 2007 respectivamente, sobre a oferta económica formulada pola citada mercantil. Conclúe manifestando que “la revisión que ahora se pretende iría contra los actos propios del Ayuntamiento y además supondría una modificación de la oferta económica presentada por su representada y la conculcación de lo dispuesto en el PCAP y en la Ley de Contratos de las Administraciones Públicas vigente a la sazón”.

Respecto ás revisións segunda e terceira manifesta que “se pretende incluir el precio del alquiler en la fórmula polinómica, sin que ello estuviese contemplado en la detallada definición que de todos los elementos de la fórmula se hace en el PCAP y además, se calculan erróneamente los gastos financieros de la inversión, pues éstos no ascienden a las sumas de 6.550, 43 € y 49.824, 69 respectivamente, sino a los gastos financieros aprobados en los acuerdos de las Juntas de Gobierno Local de 14 de junio y 8 de noviembre de 2010”.

Finaliza referíndose ás revisións cuarta e quinta, correspondentes ó 5º e o 6º ano do contrato, que non foron aínda aprobadas e non son obxecto do presente procedemento, polo que non serán tidas en conta.

Conclúe o escrito de alegacións cunhas conclusións que determinan que a revisión que se pretende supón o incumprimento do PCAP e solicita a súa modificación so pena de que, de ser aprobada, a resolución adoecería de nulidade de pleno dereito.

A técnico de administración especial municipal, en data 27 de febreiro de 2013, emite informe sobre as alegacións formuladas por SETEX-APARKI, S.A., no trámite de audiencia evacuado, que reproducimos a continuación:

“As alegacións presentadas centranse fundamentalmente en dous puntos:

**a) Por un lado a modificación unilateral dos gastos financeiros correspondentes a adquisición dos terreos na primeira e segunda revisión de prezos, que según a empresa supón un incumprimento por parte do Concello do acordo de adxudicación da concesión administrativa a Setex Aparki e do contrato suscrito.**

En contestación co anterior informase:

As modificacións que se pretenden establecer nas revisións non afectan a fórmula prevista no prego de condicións, nin pretenden por outra parte afectar a cuantía do prezo do contrato, senon que tratan de axustar o importe contractual a realidade dos costes nos que realmente incurriu a empresa nun determinado período de tempo ( abril 2008/2011), todo elo tendo en conta toda a documentación que forma parte da oferta económica que ésta presentou.

En relación co anterior, se nos remitimos a cláusula VII do PCA que rexeu a contratación "REVISION DE PREZOS", recolle entre outros o concepto de amortización, que define como o valor do termo constante da renda inmediata post-pagable necesaria para pagar o capital investido en "n" períodos de tempo, e ó tanto unitario "i", en base a pagamentos mensuais.

O tanto unitario "i" será o euribor a un ano ( ou inmediato prazo inferior) ou índice que ó substitúa o día que se publique o anuncio de licitación no BOE, mais unha marxe de 1 punto porcentual ou menor diferencial que poidan ofertar os licitadores nas súas propostas económicas.

O referido termo representativo da amortización dos investimentos non será obxecto de revisión a través da fórmula polinómica, sin embargo **si se considerará no prezo do contrato o maior ou menor custo** que puidan supoñer para a concesionaria a renovación do material móbil unha vez transcorrido o seu período de vida útil, así como a corrección que proceda en función do tipo de referencia EURIBOR que sexa de aplicación o día da data de revisión, aumentado ou diminuído a referida cota constante segunda o cadro de amortización que para o efecto se elabore.

As diferenzas positivas ou negativas de ámbalas dúas anualidades dará lugar unha diminución ou aumento do contrato, que terá o seu devengo o día seguinte da entrada en funcionamento dos novos equipos e repercutirase na facturación do mes inmediato posterior á incorporación dos mesmos.

Da lectura do parágrafo anterior desprendese que non estamos tratando con importes fixos, tanto de amortización como intereses, senón con importes que, como é este caso, dependerán da cuantía e do momento da inversión realizada o que afectará a cuantía e devengo dos intereses desa inversión.



Co axuste realizado nos gastos financeiros, e dicir, nos intereses, preténdese que en cada anualidade se contemplen os gastos financeiros realmente producidos como consecuencia das inversións realizadas, e se tal como figura no expediente a compra do terreo non se realizou ata o ano 2010, co conseguinte desenvolvemento do seu importe ( 6.441.000,00 euros) por parte da empresa, **o devengo dos intereses de esa inversión tamén empezaría a computar a partir de esa data.**

**b) A empresa tamen alega no seu escrito, que se está incumprindo o PCA particulares que rexen a Concesión, o pretender introducir na fórmula polinómica para a revisión de prezos establecida na cláusula VII do PCA elementos exenos os que alí se contemplan. Entendendo que se trata de unha modificación da fórmula de revisión prevista no PCA que rexe a contratación.**

Con respecto a este punto, dicir que non se están incluíndo elementos ajenos á fórmula polinómica, senon de axustar o prezo obxecto de revisión o cadro de costes que figuran na oferta, xa que tal como manifesta a empresa nestas alegacións, o prezo de aluguer (360.000,00 euros) soamente formou parte do prezo do contrato durante o primeiro e segundo ano de éste.

Posteriormente a esa dedución e unha vez ese prezo do contrato está revisado según a fórmula prevista no PCA, sumaselle o importe da amortización prevista na proxección de estados financeiros que forma parte da oferta, por un importe, no caso da segunda revisión de 497.743 euros.

Si se observan os importes dos costes anteriormente expostos, vemos que o prezo de adjudicación ou prezo inicial, o terceiro ano do contrato, por entrar en funcionamento as instalacións ofertadas pola empresa, por un lado deduceselle un importe de 360.000,00 euros correspondentes aos gastos de aluguer e que estaban contemplados no prezo do contrato perante o primeiro e segundo ano (segundo a oferta realizada), dado que existía realmente ese aluguer, para posteriormente engadirlle o importe da amortización desas instalacións, polo tanto o único que se cambiou foi a estrutura dos costes do servizo.

A fórmula de revisión prevista no prego, en ningún momento é modificada, xa que da lectura do informe de 5 de decembro de 2012, desprendese que o coeficiente de revisión do prezo do contrato "Kt", foi calculado segundo previsto no PCA, cos coeficientes correctos, e cos índices de man de obra, gasoil e IPC correctos, presentando este coeficiente de revisión "Kt" na terceira revisión un valor de 1,1238, que significa que o prezo do contrato incrementouse dende a data de adjudicación dun 12,38% que supón unha media anual de incremento de 3,095%.

**As revisións propostas axustan os compoñentes do prezo do contrato os datos da oferta económica, a través dos intereses realmente devengados e dos gastos de funcionamento realmente producidos, excluindo o importe do aluguer, tal e como queda acreditado no estudo de costes feito pola empresa adjudicataria".**

En conclusión, non se esta a modificar nin a oferta económica formulada polo concesionario nin a fórmula de revisión establecida no PCAP, senón que a Administración municipal advertiu un erro nas revisións de prezos deste contrato tramitadas ata a data, polo que procede desestimar as alegacións formuladas

pola mercantil concesionaria. Efectivamente, constatouse unha duplicidade nun dos factores que compoñen a estrutura de custos.

Na fórmula de revisión, se parte dun prezo inicial que inclúe o custo do alugueiro do inmovible por unha contía de 360.000 euros ano até que a adxudicataria constrúa o novo inmovible, polo que, a partires da entrada en funcionamento desa construción, pasará a formar parte da estrutura de custos para cada ano, tanto a amortización técnica (AT) da mesma como a financeira (AF).

No cadro de custos que forma parte da documentación da oferta, durante os primeiros anos (prazo de construción, que estaba previsto en dous anos, que finalmente foron tres), non figura a anualidade AT+AF do inmovible, pero si a anualidade do alugueiro. O terceiro ano, no devandito cadro xa non figura o alugueiro e se incorpora a AT+AF.

No entanto o anterior, nas revisións practicadas, no prezo inicial se incorporan a anualidade de alugueiro polo importe de 360.000 euros e a anualidade de amortización técnica e financeira que recupera o investimento da construción.

Como consecuencia desta duplicidade de custos a Administración municipal ten aboado indebidamente ó concesionario 1.450.133, 42 €. E para evitar o detrimento económico orixinado nas arcas municipais como consecuencia do pago indebido que tivo a súa orixe nas revisións de prezos erroneamente practicadas é preciso revisar de oficio estes actos e proceder, no seu caso, a realizar de novo as revisións de prezos.

**Sexto.-** A nosa lexislación define o pago indebido como aquel que se realiza por erro material, aritmético ou de feito, en favor de persoa en quen non conorra dereito algún de cobro fronte á Administración con respecto a devandito pago ou en contía que excede da consignada no acto ou documento que recoñeceu o dereito do acredor (artigo 77.1 LGP). E impón o perceptor dun pago indebido, ben sexa este total ou parcial, a obriga de proceder a súa restitución, en consonancia co disposto polo Código Civil que impón a obriga de restituír o indebidamente cobrado (artigo 1895 CC). En caso contrario se produciría un enriquecemento inxusto do que recibe o pago indebido.

O órgano que cometa o erro que orixinou o pago indebido, ten a obriga de dispoñer de inmediato, de oficio, a restitución das cantidades indebidamente pagadas (artigo 77.2 LGP).

O suposto que nos ocupa non se pode subsumir na definición legal de pago indebido referida. Aquí o erro parte do propio documento no que se aplica a fórmula de revisión e o aboamento ó concesionario prodúcese conforme o consignado no mesmo. Para estes supostos, determina o artigo 77.3 da LGP que “A revisión dos actos dos que se deriven reintegros distintos ós correspondentes ós pagos indebidos a que se refire o apartado 1 anterior realizarase de acordo cos procedementos de revisión de oficio de actos nulos ou anulables, previstos na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, ou de conformidade cos procedementos específicos de reintegro establecidos nas normas reguladoras dos distintos ingresos, segundo a causa que determine a súa invalidez”.

A lei de procedemento outorga a potestade de revisión de oficio dos seus actos a todas as administracións públicas.

A revisión de oficio é un privilexio das administracións, que poden anular os seus propios actos sen acudir os tribunais. A lei diferencia tres procedementos distintos segundo o acto a revisar sexa nulo de pleno dereito ou anulable, e distinguindo no caso dos actos anulables segundo estes sexan declarativos de dereitos ou non.

No presente caso o acto obxecto de revisión de oficio pode cualificarse de anulable.

Son actos anulables os que incorren en calquera infracción do ordenamento xurídico distinta dos supostos de nulidade de pleno dereito consignados no artigo 62 LRJAP (artigo 63 LRJAP). Neste caso a infracción do ordenamento xurídico consiste en o detrimento económico orixinado nas arcas municipais como consecuencia do pago indebido que tivo a súa orixe na revisión de prezos erroneamente practicada e no conseguinte enriquecemento inxusto da mercantil que recibiu o mesmo.

Tratándose de actos anulables a Administración autora do acto non pode proceder directamente a súa anulación, como no caso dos actos nulos de pleno dereito, senón que ten que declarar o acto lesivo para o interese público e proceder á súa ulterior impugnación ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa (artigo 103.1 LRJAP).

A lei non regula un procedemento ad hoc para a declaración de lesividade, limitándose a establecer un trámite procedimental obrigatorio: a previa audiencia de cantos aparezan como interesados no mesmo, nos términos establecidos polo artigo 84 desta Lei (artigo 103.2 LRJAP). En consecuencia se aplicará o procedemento administrativo común. O prazo máximo para a resolución do mesmo é de 6 meses (artigo 103.3 LRJAP). Transcorrido o mesmo sen resolución se producirá a caducidade automática do procedemento.

O procedemento está sometido os seguintes límites:

- A declaración de lesividade non poderá adoptarse unha vez transcorridos catro anos dende que se ditou o acto administrativo (artigo 103.3 LRJAP).
- As facultades de revisión non poderán ser exercitadas cando por prescrición de accións, polo tempo transcorrido ou por outras circunstancias, o seu exercicio resulte contrario á equidade, á boa fe, ó dereito dos particulares ou ás leis (artigo 106 LRJAP).
- Non cabe a revisión de actos que teñan sido confirmados por sentenza xudicial firme (artigo 213.3 LGT).

Procede a continuación examinar o cumprimento destes requisitos e límites no caso obxecto de análise:

- O presente procedemento iniciouse en data 5 de decembro de 2012, polo que a presente data non ten transcorrido o prazo máximo de resolución.

- Evacuouse trámite de audiencia ó concesionario, que formulou alegacións en data 27 de decembro de 2012.
- Os actos obxecto da declaración de lesividade son de datas 23 de marzo de 2009, 14 de xuño de 2010 e 8 de novembro de 2010, polo que non transcorreron 4 anos dende que foron ditados.
- O exercicio das facultades revisoras neste caso non resulta contrario á equidade, á boa fe, ó dereito dos particulares ou ás leis (artigo 106 LRJAP).
- Os actos obxecto de declaración de lesividade non teñen sido confirmados por sentenza xudicial firme.

**Sétimo.-** Unha vez que recaia sentenza firme tras o exercicio das correspondentes accións xudiciais, procederá efectuar unha nova revisión de prezos. Na mesma será preciso ter en contra que por prescrición legal o reintegro de pagos indebidos ou declarados inválidos devengará intereses de demora dende o momento no que se produciu o pago ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, ou, no seu caso, ata a data en que o perceptor proceda á devolución voluntaria dos fondos percibidos sen o previo requirimento da Administración (artigo 77.4 LGP).

O interese de demora resultará da aplicación, para cada ano ou período dos que integren o período de cálculo, do interese legal fixado na Lei de Orzamentos para devanditos exercicios (artigo 17.2 LGP).

**Oitavo.-** A tenor do disposto no artigo 103.5 LRJAP a competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle ó Pleno da Corporación. No entanto, o Título X da Lei reguladora das bases do réxime local, que se refire ó réxime de organización específico dos municipios de gran poboación, categoría á cal pertence o Concello de Vigo, distribúe a competencia para a revisión de oficio entre o Pleno (artigo 123.1.e), o Alcalde (artigo 124.4.m) e a Xunta de Goberno Local (artigo 127.1.k), outorgándolles competencia a cada un deles para a revisión de oficio dos seus propios actos e o Pleno para a revisión, ademais, das disposicións de carácter xeneral. En consecuencia, debemos entender derogado tacitamente o réxime competencial establecido no artigo 103.5 da LRJAP con respecto ós municipios de gran poboación, en aplicación do disposto no artigo 2.2 do CC que determina que a derogación estenderase sempre a todo aquilo que na lei nova sobre a mesma materia, sexa incompatible coa anterior.

Dado que as resolucións cuxa revisión se pretende foron aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa calidade de órgano de contratación (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), a competencia para declarar as mesmas lesivas para o interese público lle corresponde a este órgano.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, e previo informe da intervención xeral, a adopción do seguinte **acordo**:

***“1º.- Desestimar as alegacións formuladas por D. Jaime López Aguilar, en nome e representación de SETEX-APARKI, S.A., mediante escrito con***

**data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 27 de decembro de 2012, polas razóns expostas no fundamento quinto do presente escrito.**

**2º.- Declarar lesivos para o interese público municipal os seguintes acordos de revisión de prezos do contrato de concesión do servizo público de retirada, inmovilización, depósito e xestión de cobro dos vehículos indebidamente estacionados na vía pública, outorgado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 8 de xaneiro de 2007 á SETEX-APARKI, S.A.:**

- **De data 23 de marzo de 2009 (primeira revisión: anualidade abril 2008/marzo de 2009), porque por erro determinou o aboamento á SETEX-APARKI, S.A., de 351.596,38 € cuxo cobro non lle correspondía.**
- **De data 14 de xuño de 2010 (segunda revisión: período abril de 2009/marzo de 2010) porque por erro determinou o aboamento á SETEX-APARKI, S.A., de 595.143,28 € cuxo cobro non lle correspondía.**
- **De data 8 de novembro de 2010 (terceira revisión: período abril de 2010/marzo de 2011) porque por erro determinou o aboamento á SETEX-APARKI, S.A., de 503.393,76 € cuxo cobro non lle correspondía.**

**3º.- Dar traslado do presente acordo á Asesoría Xurídica municipal a fin de que proceda á impugnación dos actos declarados lesivos ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa.**

**4º.- Dar traslado do presente acordo á SETEX-APARKI, S.A.**

**5º.- No caso de que a eventual sentenza sexa favorable, deberá practicarse unha nova revisión de prezos así como a liquidación dos intereses de demora das cantidades indebidamente pagadas”.**

Acordo:

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a precedente proposta.

**6(176).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS:**

**A) IMATIA INNOVATION, S.L. EXPTE. 6434/113.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do xefe da oficina administrativa de Contratación do 28-02-13, visto o informe da oficina técnica e o da Intervención Xeral Municipal de datas 25-01 e 06-01-13, respectivamente, a Xunta de Goberno Local acorda:

Devolver a IMATIA INNOVATION S.L. a fianza de 9.465,60 euros constituída para responder do proxecto de modernización administrativa do Concello, xa que foi executado conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer-lo prazo de garantía.

**B) TRABAJOS AUXILIARES DE PUENTES, S.L. EXPTE. 4376/241.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do xefe da oficina administrativa de Contratación do 27-02-13, visto o informe do arquitecto municipal da oficina de obras e proxectos municipais e o da Intervención Xeral Municipal de datas 18-01 e 26-02-13, respectivamente, a Xunta de Goberno Local acorda:

Devolver a TRABAJOS AUXILIARES DE PUENTES, S.L. a fianza de 3.497,68 euros constituída para responder das obras de construción de pista deportiva e urbanización de parcela do Centro Cívico de Teis, xa que as obras foron recibidas conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer-lo prazo de garantía.

**7(177).- DAR CONTA DOS EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLA ÁREA DE CULTURA, FESTAS E MUSEOS NO MES DE XANEIRO DE 2013. EXPTE.230/330.**

En cumprimento das instrucións da base 31º das de execución do presuposto en vigor, dáse conta dos expedientes de gasto menor tramitados pola Área de Cultura, Festas e Museos, no mes de xaneiro de 2013.

DATA	CONCEPTO	FUNCIONAL	PARTIDA	Nº OPERACIÓN	IMPORTE	TERCEIRO
28/01/13	Producción de material gráfico para a difusión da "Feira de Teatro Emerxente"	3340	2260200	201300005005	3.282,43 €	Ecovigo Publicidad, S.L.

**8(178).- SOLICITUDE DO CLUB VIG-BAY PARA A ORGANIZACIÓN DO "XIV MEDIO MARATÓN GRAN BAHÍA VIG-BAY 2013", PREVISTO PARA O 17-03-13 CON SAÍDA DA AVDA. DE SAMIL. EXPTE. 11952/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta do 11-02-13, do director deportivo do IMD, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes, a Xunta de Goberno Local acorda:

Autorizar ao Club de Corredores de Vig-Bay a organizar o vindeiro domingo, día 17 de marzo de 2013, a proba deportiva denominada “XIV Medio Maratón Gran Bahía Vig-Bay 2013”, que está previsto que se leve a cabo entre Vigo e Baiona, con saída da Avda. de Samil (nas inmediacións do Verbúm) a partir das 10.30 horas e co percorrido pola Avda.de Samil en dirección a Canido, cara aos concellos de Nigrán e Baiona.

**9(179).- SOLICITUDE DA ANPA DO CEIP COUTADA BEADE PARA A ORGANIZACIÓN DO “XXXVII CROSS ESCOLAR COUTADA BEADE”, PREVISTO PARA O 07-04-13 POLO CAMIÑO DO LAGO, ROMEU E ARREDORES. EXPTE. 11946/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta do 14-02-13, do director deportivo do IMD, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes, a Xunta de Goberno Local acorda:

Autorizar a Asociación de Nais e Pais de Alumnos do CEIP Coutada-Beadé en colaboración coa Agrupación de Atletismo Escolar de Xóvenes Atletas, a organizar o vindeiro sábado 7 de abril de 2013, o XXXVII Cross Escolar Coutada Beade, dito Cross comezará ás 10.00 horas dende o CEIP e recorrerá o camiño de Lago, camiño Romeu e arredores rematando ás 13.30 horas.

**10(180).- SOLICITUDE DE SINGLETRACK, PARA A ORGANIZACIÓN DO “XIV TROFEO CIDADE DE VIGO DE MOUNTAIN BIKE-VIGO BIKE CONTEST”, PREVISTO PARA REALIZAR OS DÍAS 23 E 24 DE MARZO DE 2013 NOS MONTES DE CORUXO. EXPTE. 11953/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta do 04-03-13, do director deportivo do IMD, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes, a Xunta de Goberno Local acorda:

Autorizar a Singletrack, a organizar os vindeiros días 23 e 24 de marzo de 2013, o XIV TROFEO CIDADE DE VIGO DE MOUNTAIN BIKE-VIGO BIKE CONTEST , as probas se levarán a cabo nos montes de Coruxo, comezando o sábado 23 de marzo de 16 a 18.00 horas (RALLY), e o domingo 24 de 9 a 13.00 horas (enduro) e de 11 a 12.30 horas (mini DH).

**11(181).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DAS “BASES DE SELECCIÓN DE PERSOAS CANDIDATAS A BENEFICIARIAS DO PROGRAMA “VIGO EMPREGA”, NAS CATEGORÍAS DE CAPATAZ, OFICIAL E PEÓN. EXPTE. 9499/77.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do 08-02-13, conformado polo concelleiro-delegado de área; vistos os informes xurídico e o de fiscalización da Intervención Xeral Municipal de datas 15 e 28 de febreiro de 2013, respectivamente, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar as “Bases de selección de persoas candidatas a beneficiarias do programa ‘VIGO EMPREGA’ nas categorías de Capataz, Oficial e Peón” que se achegan no Anexo I.

**“BASES PARA A SELECCIÓN DE PERSOAS CANDIDATAS A BENEFICIARIAS DO PROGRAMA DE EMPREGO “VIGO EMPREGA”.**

**1. INTRODUCCIÓN**

*A Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, ven desenvolvendo todos os anos o programa de inserción laboral, denominado na actualidade “VIGO EMPREGA”, que ten como finalidade facilitar a inserción de colectivos con graves dificultades de inserción laboral. Esta é a premisa do programa e os seus antecedentes, dende o ano 2001, na progresiva aplicación por parte do Concello de Vigo de políticas de fomento do emprego e mellora das posibilidades de ocupación das persoas desempregadas. As persoas beneficiarias destas accións serán seleccionadas seguindo o criterio fundamental de “necesidade social”, que respondía de xeito oportuno á idea de promoción do emprego nos colectivos máis necesitados de adquisición de experiencia no mercado de traballo.*

*Nesta situación que estamos a vivir, as dificultades de inserción están xeneralizadas a toda a poboación en idade de traballar, e van dende titulados a persoas con experiencia previa en sectores como automoción, naval, construción, servizos. Estas persoas desempregadas posúen un perfil, características e bagaxe profesional cunha gran proxección para a consecución de novos empregos, sempre e cando aumente a súa capacitación, formación e unha vez melloren as coxunturas económicas e laborais.*

*Por todo elo, o programa debe contribuír a xerar valor engadido á persoa beneficiaria que participe no programa, axudando a corrixir deficiencias, a aumentar as potencialidades e as competencias da mesma. Debe ser ademais, dunha aportación económica e dunha experiencia en obra, un pulo á formación que especialice, perfeccione e complementa a experiencia práctica e o perfil laboral das persoas traballadoras.*

*O programa deberá ampliar a súa oferta formativa teórica, complementándoa co traballo en obra que dote de práctica a esa formación. Esta debe responder a criterios de innovación, aplicación de novas técnicas e tecnoloxías, especialización e mellora da profesionalidade dos participantes. A formación articularase nunha dobre dimensión: unha programación dentro do horario laboral e outra fóra, esta última, con carácter complementario e voluntario. Esta estrutura posibilitará dar resposta ás demandas de formación das persoas participantes, adaptándoa tamén, ás demandas do mercado de traballo e ás posibilidades orzamentarias dispoñibles.*

*Isto reflicte a necesidade de implementar medidas de apoio e discriminación positiva, centrada en grupos de idade a partir de 18 anos, que precisan apoio e un pulo para mellorar a súa cualificación profesional, tanto para perfeccionar e actualizar os seus coñecementos, como para ampliar as súas capacidades aprendendo novos oficios, reciclándose para abrirse a novos sectores de actividade, con capacidade para unha recuperación do emprego a máis curto prazo.*



O Programa VIGO EMPREGA debe posibilitar a reincorporación ao mercado laboral a persoas que proveñen de todos os sectores tanto no referente ao aspectos profesional castigados pola crise, como os relacionados cos grupos sociais de pertenza, persoas con habilidades sociais e profesionais suficientes para desenvolver un traballo profesional e con proxección futura, para a súa incorporación laboral en novas empresas e sectores de actividade.

Obsérvase unha tendencia negativa na evolución do paro nos últimos tempos, reflexo evidente da situación financeira, económica e laboral que estamos a sufrir, esta obríganos a potenciar ao máximo os recursos deste Concello, para continuar apostando por implementar medidas que mitiguen no posible estas situacións persoais e profesionais negativas, tal e como se ven facendo nos últimos anos. Apostando tamén por unha duración contractual mínima de 6 meses que facilite a formación e a adquisición de experiencias e acrediten habilidades, coñecementos e actitudes desenvolvidas durante a duración do programa.

## **2. OBXECTIVOS.-**

**Obxectivos do programa.-** A realización de obras e/ou servizos de interese municipal, por persoas que teñen dificultades importantes para atopar emprego. Polo tanto, o obxectivo é mellorar a formación e facilitar a adquisición de maiores habilidades profesionais das persoas beneficiarias mellorando así, a súa capacitación e competencia profesional. En definitiva, o paso polo programa, debe contribuír dunha maneira clara a aumentar as posibilidades de inserción no mercado laboral, dos traballadores que finalmente se formen neste programa.

O Programa VIGO EMPREGA necesita tamén, incorporar un número de oficiais beneficiarios con experiencia profesional e con habilidades formativas que posibiliten a capacitación profesional nos oficios relacionados coa obra civil, a xardinaría e os servizos de interese municipal, das persoas beneficiarias na categoría de peón e unha mellora na profesionalidade por medio da experiencia e da formación complementaria dos capataces e oficiais de oficios que se incorporarán ao programa.

O programa é un instrumento elaborado para promover o emprego no municipio, prestando especial atención a todos os colectivos que teñen dificultades para integrarse laboralmente. O sector da poboación desempregada é moi extenso, polo que o programa incide directamente na creación e mellora dos instrumentos de intervención utilizados dende o Concello, creando accións de mellora da empregabilidade e calidade do emprego.

## **3. POSTOS DE TRABALLO.**

Os postos de traballo a convocar no Programa VIGO EMPREGA, son os de: peóns, oficiais e capataces: todos eles/as, beneficiarios/as. O número de postos a seleccionar determinarase no momento da publicación da convocatoria de contratación, unha vez fiscalizadas e feita a correspondente e previa consignación por Intervención e aprobadas pola Xunta de Goberno Local. Os postos de traballo a convocar relacionaranse coas seguintes especialidades:

Capataz construción.	Capataz de xardinería/forestal
Oficial fontanería	Oficial condutor-palista
Oficial carpintaría de madeira	Oficial xardinería-forestal
Oficial condutor	Oficial carpintaría de aluminio e metálica
Oficial pintura	Oficial electricidade
Oficial albanelería	Oficial mecánica do automóbil
Oficial cantería	

#### 4. DURACIÓN, MODALIDADE E RETRIBUCIÓN.

**Duración.**- A duración determinada inicial estímase:

- Como máximo 6 meses, que coincidirá coa duración da convocatoria do programa VIGO EMPREGA no presente ano, e coas limitacións que se establecen no propio programa de emprego VIGO EMPREGA, e en todo caso as limitacións legais establecidas no art. 15.5, do E.T., modificado pola Lei 43/2006, (disposición adicional cuarta do RD 5/2006, máximo 24 meses nun período de 30, sexa ou non o mesmo contrato e para o mesmo posto de traballo).
- As persoas traballadoras seleccionadas ao abeiro deste programa temporal, deben cesar en canto remate a devandita convocatoria do programa VIGO EMPREGA, debendo figurar esta cláusula no apartado correspondente (fin do contrato), do modelo do contrato a formalizar polas persoas beneficiarias seleccionadas.
- Establécese un período de proba para as persoas contratadas de **1 mes de duración**.

**Modalidade.**- Estímase oportuna a modalidade de contrato de duración determinada de interese social, a xornada completa, cos dereitos e obrigas que leva implícito, en todo caso terase en conta, segundo o tipo e categoría do posto a cubrir, a modalidade, duración e calquera outra incidencia da relación laboral, o que considere oportuno a Xefatura do Servizo de Recursos Humanos en base á lexislación vixente así coma o contido dos informes xurídicos da dita xefatura mailo do Interventor Xeral.

Asimesmo, en calquera caso, deberá figurar no obxecto do contrato a denominación e duración do programa de emprego de interese social VIGO EMPREGA para a realización de obras e/ou servizos de interese municipal.

**Retribucións.**-

- As retribucións serán as establecidas no “Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións”, que se atope en vigor no momento da contratación, referidas a beneficios/as.

**En todo caso, a formalización, modalidade, duración e incidencias** dos contratos que se realicen finalmente ás persoas aspirantes seleccionadas, estarán suxeitos, aos informes xurídicos da Xefatura de Servizo de Recursos Humanos, do Interventor Xeral, ás limitacións legais establecidas no art. 15.5, do Estatuto dos Traballadores, modificado pola Lei 43/2006, de 29 de decembro, para a mellora do crecemento e do emprego, vixente dende o 1 de xullo do 2006, (disposición adicional cuarta do RD Lei 5/2006), que fixa como máximo 24 meses nun período de 30, para o mesmo posto de traballo, sexa ou non o mesmo contrato, co informe previo á contratación de dito cumprimento, emitido pola xefatura do servizo que corresponda, así coma ao disposto no Estatuto Básico do Empregado Público, ao Texto Refundido da Lei da Función Pública de Galicia e demais lexislación de aplicación, circunstancia da cal se informa ás persoas aspirantes.

#### 5. PERFIL DOS POSTOS DE TRABALLO, FUNCIÓNS E OBRIGAS

- **Capataces** traballadores oficiais coa experiencia demostrable en posto de traballo similar e terán ademais das funcións propias de oficial a de colaborar coa xefatura de obra na coordinación de diferentes unidades de traballo en obra, colaboración nos aspectos relacionados coa loxística de transporte e de distribución de traballos e materiais ao grupo de oficiais a cargo, e aspectos relacionados co cumprimento da normativa de prevención de riscos laborais. Os oficios para os que se ofertarán prazas de capataz de construción.
- **Oficiais de oficios** nas diferentes especialidades que se indican no apartado 3 destas bases. Os oficiais son persoas con experiencia demostrable nos diferentes postos de

traballo, con responsabilidades no control dos grupos de traballo, formación, execución dos traballos en obra; e os oficiais condutores, con responsabilidades no desprazamentos de persoas e materiais ás obras.

- **Peóns** beneficiarias do programa Vigo Emprega, serán aquelas persoas, sen necesaria cualificación previa no tipo de traballo a desenvolver, que executarán as tarefas programadas seguindo as indicacións dos seus superiores, adquirindo unha capacitación e experiencia laboral que facilite a súa posterior inserción no mercado de traballo normalizado.

*Todas as persoas candidatas seleccionadas para formar parte do Programa VIGO EMPREGA deberán obrigatoriamente subscribir un compromiso en virtude do cal, se comprometen a levar a cabo as accións formativas que o equipo técnico considere oportunas, para favorecer a súa posterior inserción laboral. A negativa a subscribilo, suporá a exclusión do proceso selectivo e o seu incumprimento por parte dos/as beneficiarios/as durante o período de contrato poderá ser motivo de cese laboral, é dicir, a rescisión do contrato laboral.*

## **6. REQUISITOS IMPRESCINDIBLES**

- Ter 18 anos cumpridos e capacidade legal para ser contratado/a, de conformidade coa lexislación vixente.
- Posuír capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais do posto solicitado. Sendo obrigatorio polas persoas candidatas a comunicación expresa das limitacións que poidan condicionar o desenvolvemento habitual das tarefas propias do posto de traballo ao que se presenta. (Informe médico ou certificación positiva do EVO como condición previa á contratación, sen a presentación dese informe e a superación da correspondente e previa avaliación médica non serán contratados para a participación neste programa)
- Estar desempregada/o e inscrito/a como demandante de emprego nalgunha das oficina do Servizo Público de Emprego de Galicia en Vigo na data da convocatoria. Non se admitirán situacións en mellora de emprego.
- Estar empadroadado/a no Concello de Vigo, como mínimo con **12 meses** de antigüidade previa á data de publicación da convocatoria.
- Non ter sido contratado/a cunha duración igual ou superior a seis meses, en ningunha das anteriores convocatorias en algún dos seguintes Programas de Emprego Municipais: UTIL, VIGO EMPREGA, programa de Escolas Obradoiro e Obradoiros de Emprego e Programas de Cooperación nos últimos 2 anos.
- Non ter sido sancionado, en calquera dos programas municipais, por ter incorrido en falta grave ou moi grave.
- Non poderán participar na mesma quenda do VIGO EMPREGA dúas persoas pertencentes á mesma unidade familiar de convivencia.
- As persoas estranxeiras non comunitarias deben ter permiso de traballo en vigor, temporal ou permanente en regra, que autorice a traballar, na data da convocatoria, e mantendo esta situación ata o momento da contratación.
- No caso dos oficiais de oficios e capataces ter unha experiencia mínima de 2 anos en posto igual ou similar e da mesma categoría.

## **7. FASES DO PROCESO DE SELECCIÓN**

**Procedemento de selección de persoas candidatas a beneficiarias:**

*Solicitud de persoas candidatas mediante ofertas de emprego xenéricas remitidas ao Servizo Galego de Colocación.*

*Sondaxe ou prospección de candidatos realizado polas oficinas do Servizo Galego de Colocación.*

*Comprobación do cumprimento de requisitos imprescindibles.*

*Baremación das persoas candidatas ao proceso de selección*

*Realización de entrevistas e proba práctica*

*Publicación da listaxe de persoas candidatas seleccionadas e a contratar e listaxe de substitucións para cubrir posibles baixas e/ou renuncias.*

**Recoñecemento médico** ás persoas candidatas seleccionadas e ás persoas que teñan acreditada discapacidade mediante certificación de minusvalía. O Servizo de PRL deste Concello solicitará con carácter previo á contratación, o informe EVO onde se acredite a compatibilidade da minusvalía coas tarefas a desenvolver no posto de traballo ao que se presenta. No seu caso, as persoas candidatas deberán presentar certificación médica que acredite o estado físico compatible da persoa candidata que alega enfermidades crónicas, lesións ou problemas de saúde, coas tarefas e funcións a desenvolver no posto de traballo ao que se presenta.

**Formalización dos contratos** laborais-temporais, pola Alcaldía-Presidencia.

## **8. PROCEDIMIENTO DE SELECCIÓN DE CANDIDATOS/AS A BENEFICIARIOS/AS.-**

A Xunta de Goberno Local aprobará a convocatoria de selección, previa fiscalización da Intervención municipal, na que se indicará os postos convocados e as puntuacións de corte dos candidatos e candidatas que pasarán ao proceso de entrevista e/ou proba práctica de coñecemento profesional.

Dada a natureza e especiais características do Programa VIGO EMPREGA, o procedemento de selección terá en conta as diferentes facetas das persoas beneficiarias candidatas.

Concretamente:

- *Candidatos resultantes da sondaxe realizada polo Servizo Galego de Colocación.*
- *Baremación expedientes das persoas candidatas.*
- *Entrevista persoal*
- *Proba práctica*

### **✓ A Xunta de Goberno Local determinará a distribución dos postos de peóns a contratar que permita cando menos a presenza de:**

1. **3%** persoas con discapacidade que poidan desempeñar as funcións do posto de traballo
2. **17%** mocidade entre 18 e 25 anos.
3. **20%** mulleres
4. **20%** persoas maiores de 45 anos.
5. **20%** de persoas maiores de 25 e menores de 45.
6. **20%** persoas paradas de longa duración.
  - ✓ *Levar un mínimo de 1 ano de antigüidade como demandante na oficina de emprego.*
  - ✓ *Non ter traballado, nos doce meses anteriores á data da convocatoria, máis de 3 meses.*

✓ **As funcións e requisitos mínimos a valorar nos oficiais e capataces**

**- Posto de Capataz**

- *Distribución do traballo entre o persoal da súa unidade, así como dos instrumentos, maquinaria e materiais necesarios para a súa execución.*
- *Programación, coordinación, supervisión e control do persoal ó seu cargo e dos traballos a realizar de acordo coas ordes e instrucións recibidas dos seus superiores xerárquicos.*
- *Control e responsabilidade da cantidade e calidade do traballo realizado, así como da utilización dos instrumentos, maquinaria e materiais empregados.*
- *Control e responsabilidade no cumprimento da normativa e instrucións do superior en relación á prevención de riscos laborais.*
- *Realización das actividades que impliquen a responsabilidade dunha unidade de traballo que podan ser realizadas por un ou varios traballadores do seu grupo ou grupos inferiores.*
- *Instrución do persoal no período de formación teórico práctico inicial e en obra nos traballos propios da súa especialidade.*
- *Colaboración na organización do transporte de persoal e materiais as unidades de obra asignadas.*
- *Posesión da experiencia e/ou formación que acredite a categoría de capataz no oficio correspondente.*
- *Experiencia mínima de 2 anos no mesmo posto e de igual categoría. A categoría mínima que se valorará neste posto será do grupo de cotización 6 segundo establece o Informe de Vida Laboral e que ademais figure como capataz ou encargado segundo apareza recollido nos contratos de traballo, certificados de empresa ou nóminas.*

**-Posto de oficial condutor / condutor-palista**

- *Funcións de desprazamento e transporte de materiais e persoas ás obras e demais lugares de traballo, coidado de materiais de traballo, en todo tipo de vehículos, dende turismos ata camións de máis de 3.500 kg, manexo de grúas e guindastres. No caso do palista tamén palas escavadoras e retroescavadoras e coidado de materiais de traballo.*
- *Ter tódolos permisos Profesionais e de conducir, obrigatoriamente B, C, D, E, necesarios para a realización das funcións sinaladas.*
- *Ter un coñecemento exhaustivo e facer un seguimento das normas no relativo á saúde laboral e á prevención de riscos laborais.*
- *Experiencia mínima de 2 anos como condutor de vehículos. A categoría mínima que se valorará neste posto será do grupo de cotización 8 segundo establece o Informe de Vida Laboral e como oficial de 1ª segundo apareza recollido nos contratos de traballo, certificados de empresa ou nóminas.*

**-Posto de oficial**

- *Funcións de docencia, especialmente no período de formación teórico-práctica inicial, e na execución das diferentes obras e servizos.*
- *Terá a responsabilidade da execución das obras en colaboración cos encargados, xefes de equipo e xefe de obra.*

- Ter un coñecemento exhaustivo e facer un seguimento das normas no relativo á saúde laboral e á prevención de riscos laborais.
- Posuír a experiencia e/ou formación que acredite a categoría de oficial. Valorarase a formación recibida.
- Experiencia mínima de 2 anos no mesmo posto e de igual categoría. A categoría mínima que se valorará neste posto será do grupo de cotización 8 segundo establece o Informe de Vida Laboral e como oficial de 1ª segundo apareza recollido nos contratos de traballo, certificados de empresa ou nóminas.

#### 9. REQUISITOS A VALORAR PARA OS OFICIAIS E CAPATACES

- Valoraranse os criterios de experiencia laboral, formación e outros méritos, directamente relacionados coa actividade a desenvolver.
- Experiencia laboral, imprescindible 2 anos como mínimo na mesma categoría. 0,1 puntos/mes. (máximo 5 puntos)
- Formación relacionada co posto (recibida ou impartida) (máximo.3 puntos):.

Por cada curso de entre 20 e 49 horas	0,10
Por cada curso de entre 50 e 99 horas	0,20
Por cada curso de entre 100 e 199 horas	0,30
Por cada curso de máis de 200 horas	0,40

- Terase en conta especialmente a formación en Prevención de Riscos Laborais

Curso básico de Prevención de entre 0 e 30 horas	0,20
Curso de Prevención de entre 31 e 50 horas	0,40
Curso de Prevención de máis 50 horas	0,60

- Tarxetas profesionais relacionados directamente coa especialidade: 0,50

#### 10.- CONVOCATORIA DE SELECCIÓN DE BENEFICIARIOS/AS.

A Xunta de Goberno Local, a proposta do Servizo de desenvolvemento local e Emprego, determinará no momento da convocatoria de selección de persoas beneficiarias:

- a) Aprobar o número de persoas beneficiarias a contratar en cada posto de traballo do programa "VIGO EMPREGA".
- b) Aprobar a relación de obras e/ou servizos de interese social a desenvolver dentro do programa, co obxecto de proporcionarlles a experiencia e práctica profesional necesarias para facilitar a súa inserción laboral
- c) Nomear a Comisión de Selección conforme se establece na punto 12 das presentes bases.
- d) A Comisión de Selección realizará as entrevistas e/ou probas ás persoas candidatas remitidas polo Servizo Público de Emprego que superaran os baremos mínimos aprobados pola Xunta de Goberno Local.
- e) Selección dos beneficiarios/as.
  - **Baremación dos expedientes persoais / profesionais** (Capataces e oficiais).
  - **Entrevista persoal** (máximo 2 puntos)

- Realizáraselles ás persoas candidatas e nela valoraranse os aspectos ocupacionais de adecuación ao programa.
- Os puntos obtidos nesta fase sumaranse ó resto das puntuacións acadadas, sempre que a persoa candidata obteña a calificación de “apto/a”. Consideraranse “non apta” as persoas candidatas que obteñan unha puntuación igual ou inferior a 1 punto. Sen esta calificación de “apto” na entrevista, a persoa candidata será excluída do proceso de selección.
- **Proba práctica (máximo 4 puntos).**
  - Só accederán a esta fase as persoas candidatas que teñan superado a fase de entrevista.
  - A Comisión de Selección proporá as probas prácticas relacionadas coas funcións e tarefas do posto ofertado. No caso de obter unha puntuación igual ou inferior a 1 punto, considerarse “Non Apto” e quedará excluída do proceso de selección.
- As mulleres beneficiarias que acrediten, no seu caso, a condición de vítima de violencia doméstica. nos últimos 2 anos, con referencia a data de publicación da convocatoria, unha vez superadas as probas de entrevista e práctica, terán preferencia cara a súa contratación.

#### **11. LISTAS DE SUBSTITUCIÓN.**

As persoas candidatas que non foran contratadas e tiveran superado o proceso selectivo, formarán parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, aos efectos de poder ser contratados para substitucións ou renuncias doutros/as traballadores/as”, para este programa de emprego e para postos de igual categoría e cualificación.

#### **12. COMISIÓN DE SELECCIÓN**

O órgano de selección terá carácter colexiado, actuando tódolos membros con voz e voto, a excepción do secretario/a, e comparecerán a título individual en cumprimento do art. 60, da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

##### Composición:

- O Xefe do Servizo de Desenvolvemento Local, Emprego do Concello de Vigo.
- Un/ha funcionario/a do Concello de Vigo ou dos seus organismos autónomos que actuará como Secretaria/o.
- Tres técnicos/as funcionarios/as ou persoal laboral fixo do Concello de Vigo ou dos seus Organismos Autónomos.

Poderán nomear asesores especialistas na materia, que comparecerán a título individual e cumprindo co disposto no art. 60 do EBEP.

A/O secretaria/o, preferentemente da rama xurídica, intervirá con voz e sen voto, con funcións de asesoramento legal ao órgano de selección, custodia dos exames e actas, elaboración de actas e acordos e informe xurídico en relación cos recursos administrativos que poidan presentarse contra os actos e acordos do órgano de selección. Igualmente deberá realizar as funcións previstas no artigo 25 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999.

Tódolos membros da Comisión de Selección serán nomeados polo Concelleiro Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado cos titulares e suplentes correspondentes, con titulación igual ou superior a do posto ofertado, debendo comparecer todos eles a título individual e cumprindo co estipulado no art. 60 do Estatuto Básico do Empregado Público.

O órgano de selección en canto á súa composición e funcionamento, deberá respectar obrigatoriamente o disposto no artigo 60 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público así coma calquera outra normativa legal vixente de aplicación.

Da valoración que a Comisión de Selección realice dos/as candidatos/as, emitirase Acta co listado do persoal seleccionado.

A Comisión de selección contará co asesoramento técnico do persoal funcionario do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego que estime necesario.

A participación neste proceso selectivo implica aceptar a utilización dos datos persoais das persoas candidatas a Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, exclusivamente para os fins que se definen nestas bases de convocatoria, cumprindo os requisitos establecidos no Real Decreto 1720/2007 do 21 de decembro polo que se aproba o regulamento da Lei 15/1999 do 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal.

### **13. OUTRA INFORMACIÓN PARA AS PERSOAS ASPIRANTES.-**

A formalización, duración e incidencias dos contratos que se realicen finalmente aos aspirantes seleccionados, estarán suxeitos, (ademais do estipulado no aptdo 2º, dunha duración temporal propia do programa VIGO EMPREGA por convocatoria, dun máximo de 6 meses, as limitacións legais establecidas no art. 15.5, do Estatuto dos Traballadores, modificado pola Lei 43/2006, de 29 de decembro, para a mellora do crecemento e do emprego, vixente dende o 1 de xullo do 2006, (disposición adicional cuarta do RD Lei 5/2006), que fixa entre outros que a duración dos contratos das persoas aspirantes seleccionadas: máximo 24 meses nun período de 30, para o mesmo posto de traballo, sexa ou non o mesmo contrato, circunstancia da cal se emitirá informe previo á contratación pola xefatura do servizo que corresponda, sobre dito cumprimento dos aspirantes seleccionados, e ademais ó disposto no Estatuto Básico do Empregado Público, ó Texto Refundido da Lei da Función Pública de Galicia e demais lexislación de aplicación, formalizándose o contrato só ás persoas aspirantes seleccionadas que cumpran cos requisitos expostos, circunstancia da que se informa aos/as aspirantes.

- **Fotocopia do informe de discapacidade e/ou incapacidade**, emitido polas entidades competentes, nos casos en que proceda, e a discapacidade sexa igual ou superior ao 33%.O Servizo de PRL deste Concello solicitará con carácter previo á contratación, o **informe EVO** onde se acredite a compatibilidade da minusvalía coas tarefas a desenvolver do posto de traballo ao que se presenta. No caso de enfermidades crónicas, lesións ou problemas de saúde, as persoas candidatas, deberán presentar certificación médica que acredite o estado físico compatible, da persoa candidata coas tarefas e funcións a desenvolver no posto de traballo ao que se presenta.
- **Acreditación, no seu caso, da condición de vítima de violencia doméstica**, nos últimos 2 anos, con referencia a data de publicación da convocatoria
- **Máis información:** Poderán consultarse as bases do proceso de selección nas dependencias do programa VIGO EMPREGA (no Parque Central de Servizos do Concello), así como na páxina web <http://www.hoxe.vigo.org>. e no taboleiro de anuncios do Concello.”

**12(182).- PROPOSTA SOBRE PERDA DO DEREITO AO COBRAMENTO E RENUNCIAS Á CONCESIÓN DE AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPRESAS. EXPTE. 8848/77.**



Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta do 01-03-13, do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, conformado polo concelleiro-delegado de área, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Reducir a contía da subvención da axuda municipal á creación de empresas, ano 2012 ás seguintes empresas:

- MAXIMINA TERESA MALLO LAGOA con NIF 78732429W, por un importe de 254,58€, concedendo así a subvención por importe de 988,98€, total do gasto xustificado. (expediente 8903/77).

Segundo.- Aceptar as renuncias expresas e declarar conclusos os procedimentos iniciados, de solicitude de subvención da axuda municipal á creación de empresas, ano 2012, das seguintes empresas:

LA PEZERA DE VIGO, S.L., con NIF B27760859, por renuncia expresa presentada por rexistro, o 28 de febreiro de 2013 con número de documento 130024551. (expediente 9026/77).

FABIAN CACHEIRO PARADELA, con NIF 36.129.012Z, por renuncia expresa presentada por rexistro, o 24 de xaneiro de 2013 con número de documento 130009092 . (expediente 8984/77).

**13(183).- SOLICITUDE DE PROPOSTA ANTE A CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR PARA PROMOVER COMO ILE O PROXECTO EMPRESARIAL “ULTRASONIC TECHNICAL MANAGEMENT- UNDERWATER TECHNICAL MARINE, S.L.” EXPTE.9542/77.**

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta do 28-02-13, do xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, conformado polo concelleiro-delegado de área, a Xunta de Goberno Local acorda:

Promover ante a Consellería de Traballo e Benestar, a cualificación como Iniciativa Local de Emprego do proxecto empresarial denominado “ **ULTRASONIC TECHNICAL MANAGEMENT- UNDERWATER TECHNICAL MARINE, S.L.** ” sendo necesario para isto a participación municipal, que consistirá no seguinte:

- Apoio polo Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo coa elaboración e estudo, por parte dunha técnica do servizo, dun informe económico de viabilidade do proxecto xunto co seu asesoramento na solicitude e información e asesoramento sobre axudas municipais vixentes.
- Cooperación e apoio cara a axilizar os trámites administrativos de competencia municipal para a súa posta en funcionamento.

- Terá preferencia, de acordo coas correspondentes bases reguladoras, na concesión das Axudas Municipais á Creación de Empresas ás que, de ser o caso, opte.

- Terá preferencia, na concesión das Axudas PEIM que, de ser o caso, opte. (ditas bases aprobaronse na comisión de goberno de data 18 de decembro do 2000, sendo modificadas na Xunta de Goberno Local do 14 de marzo do 2011)

**14(184).- SOLICITUDE DE PROPOSTA ANTE A CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR PARA PROMOVER COMO ILE O PROXECTO EMPRESARIAL “PRÖVA-LO”, PROMOVIDO POR D<sup>a</sup> BEATRIZ LÓPEZ JEREZ. EXPTE. 9545/77.**

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta do 05-03-13, do xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, conformado polo concelleiro-delegado de área, a Xunta de Goberno Local acorda:

Promover ante a Consellería de Traballo e Benestar, a cualificación como Iniciativa Local de Emprego do proxecto empresarial denominado “**PRÖVA-LO**” sendo necesario para isto a participación municipal, que consistirá no seguinte:

- Apoio pola Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo coa elaboración e estudo, por parte dunha técnica do servizo, dun informe económico de viabilidade do proxecto xunto co seu asesoramento na solicitude e información e asesoramento sobre axudas municipais vixentes.

- Cooperación e apoio cara a axilizar os trámites administrativos de competencia municipal para a súa posta en funcionamento.

- Terá preferencia, de acordo coas correspondentes bases reguladoras, na concesión das Axudas Municipais á Creación de Empresas ás que, de ser o caso, opte.

- Terá preferencia, na concesión das Axudas PEIM que, de ser o caso, opte. (ditas bases aprobáronse na comisión de goberno de data 18 de decembro do 2000, sendo modificadas na Xunta de Goberno Local do 14 de marzo do 2011).

**15(185).- SOLICITUDE DE APROBACIÓN DA ORDENACIÓN DO PROCEDIMENTO DE CONTRATACIÓN A SEGUIR NAS OBRAS DO PLAN DE INVESTIMENTOS DE AQUALIA. EXPTE. 52/141.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 25-02-13, do xefe da área de Investimentos, conformado polo concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

*“O presente informe emítase a instancia do concelleiro-delegado da Área de Fomento e ten como obxecto unificar nun documento a normativa ou instrucións que de xeito disperso foron obxecto de regulamentación dende o inicio da concesión de xestión do Servizo Público de Abastecemento e Saneamento de Augas, en relación coa contratación de obras de ampliación, mellora e substitución das infraestruturas afectas ao mentado servizo público.*

*É pretensión da concellería-delegada de Área que os mecanismos de control, vixilancia, fiscalización e seguemento das obras inherentes aos distintos Plans de Investimentos da concesión, se instrumenten a través de medidas que garantan a consecución dun nivel adecuado de eficacia na súa execución e de eficiencia na xestión dos recursos económicos comprometidos.*

*Trátase, en definitiva, de deseñar un procedemento de tramitación administrativa ao que deberán someterse a execución de obras promovidas a través desta modalidade de concesión administrativa e que comprenderán as diferentes intervencións da administración municipal no ámbito da contratación administrativa impulsada pola entidade concesionaria AQUALIA que ten o seu comezo coa aprobación técnica do proxecto e conclúe coa proposta de recepción da respectiva obra e a súa adscrición ao servizo público.*

*Por último, é de significar que a ordenación do procedemento de contratación das obras aludidas anteriormente, traen causa das recomendacións efectuadas nos diferentes informes de fiscalización da Intervención Xeral, por entender que dunha conveniente receptividade aos mesmos derivarase o establecemento de liñas de control que, indubidablemente redundarán nunha mellor e máis eficaz asignación dos recursos destinados á prestación do servizo.*

*En consideración ao que antecede, esta Xefatura de Área somete á consideración da Xunta de Goberno Local, o presente informe en base aos seguintes*

### **I.- ANTECEDENTES**

a) *A cláusula 23 do prego de condicións económico-administrativas que rexeu o concurso para o outorgamento da concesión administrativa (en adiante PCAP), dispón “Las obras de ampliación, renovación y/o mejora de la infraestructura del Servicio de Abastecimiento de Agua y Saneamiento a la Ciudad de VIGO serán por cuenta del Concesionario, quien las realizará de la forma y con los medios que considere más oportunos en cada momento, en función de los Programas de Inversión aprobados de común acuerdo entre el Ayuntamiento y el Concesionario, en cada momento.”*

b) *Por su parte, la cláusula 24 del PCAP, establece: “1.- Para la ejecución de las obras, el Concesionario deberá redactar el correspondiente Programa de Inversiones, donde se reflejarán las obras a realizar, así como la repercusión que sobre el coste unitario vigente, en ese momento, supongan la ejecución de dichas obras.*

*Dicho Programa de Inversiones, una vez aprobado por el Organo Competente de la Corporación, le será comunicado al Concesionario para que proceda a su realización.*

2.- En las obras de ampliación, renovación y/o mejora del Servicio, que no fueran ejecutadas por el Concesionario, el Ayuntamiento podrá solicitar del mismo, y éste, queda obligado a realizarlo, el control y vigilancia de dichas obras, así como la realización de las pruebas necesarias previas a su recepción y posterior adscripción al Servicio.

3.- Ejecutadas, y recibidas por el Ayuntamiento, las obras de infraestructura a que se refiere la condición presente y la anterior, éstas de adscribirán al Servicio durante el resto del período concesional.”

c) No que respecta ao control e inspección do servizo, a cláusula 29 del PCAP, prescribe: “Los servicios contratados quedarán sometidos permanentemente al control del Ayuntamiento de Vigo, mediante sus servicios técnicos municipales o empresa especializada designada por el Ayuntamiento, quienes podrán revisar diariamente los trabajos por el Concesionario en todo momento o lugar, procurando no entorpecer la prestación de los mismos.”

d) A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente, do día 21/11/2011, acordou prestar a súa aprobación á prórroga da concesión administrativa do Servizo, por un período de 5 anos, que rexerá ata o vindeiro día 31/12/2020. No mentado acordo, conveníase coa Entidade AQUALIA, no exercicio das obrigas asumidas no documento de aceptación de prórroga, a execución dun programa de investimentos, sen modificación de tarifa, que se debería materializar nas seguintes actuacións:

Desviacións de tarifa do exercicio 2010	6.574.975,68 €
Adquisición terreos EDAR Lagares	10.274.000,00 €
Outros investimentos	20.000.000,00 €

## **II.- ACTUACIÓN S PREVIAS POR PARTE DA ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL**

Esta Administración municipal someterá á consideración da Xunta de Goberno Local, no menor prazo posible e sempre con anterioridade ao encargo de redacción do próximo Proxecto Técnico o “cadro de prezos de unidades de obra” no que se deberán recoller, co maior grao de desagregación posible, os materiais susceptibles de seren utilizados nas obras de inversión da Entidade Concesionaria.

Os prezos fixados para as distintas unidades de obra rexerán durante os vindeiros tres exercicios orzamentarios, prorrogando a súa vixencia no suposto de que non recaíse acordo expreso de actualización.

Autorízase á Dirección de Obra o establecemento de prezos contraditorios co fin de dar cobertura ás posibles indeterminacións de unidades de obra omitidas no mencionado cadro de prezos.

## **III.- ACTOS ADMINISTRATIVOS A TRAVÉS DOS QUE SE EXERCITARÁ O CONTROL DAS OBRAS DE INVERSIÓN DA ENTIDADE CONCESIONARIA AQUALIA.**

a) A Área de Fomento propondrá á Xunta á Xunta de Goberno Local encomendar á Entidade Concesionaria AQUALIA a redacción do correspondente proxecto técnico, previa xustificación da conveniencia e idoneidade do investimento.

b) A dirección técnica, previa conformidade do Concelleiro-delegado da Área, someterá a consideración da Xunta de Goberno Local a aprobación do proxecto técnico e ordenará á Entidade Concesionaria a inclusión da actuación no plan de investimento e a realización dos trámites correspondentes a súa contratación.

c) A Entidade Concesionaria AQUALIA comprométese a dar conta á Xunta de Goberno Local do correspondente contrato de obra, no que se especificarán os seguintes apartados:

- Código do proxecto.
- Nome e razón social do adxudicatario.
- NIF.
- Orzamento de execución material.
- Orzamento de contrata.
- Prazo de execución.
- Data de inicio da obra.
- Clasificación do contratista.
- Prazo de garantía.
- Asistencia técnica.
- Dirección de obra.

d) Unha vez rematada a obra, someterase a aprobación da Xunta de Goberno Local a recepción da mesma, o que implicará o recoñecemento do investimento, a adscrición ao servizo público e a autorización para iniciar o procedemento de recuperación a través da tarifa do Servizo.

Considerase imprescindible achegar á proposta de recoñecemento de investimento a seguinte documentación:

- Certificado final de obra.
- Acta de recepción.
- Certificación acreditativa de terse efectuado a totalidade dos pagamentos inherentes ás obras, agás as dos gastos asociados (asistencia técnica, dirección de obra, etc.).

e) A Área de Fomento levará un rexistro informático de todos os datos comunicados en relación coa execución das obras ou gastos que se deriven da prórroga do contrato, en relación co plan de investimentos, así como calquera outra información que considere relevante.

#### **IV.- GLOSARIO DE TERMOS E O SEU ALCANCE NA CONTRATACIÓN DE OBRAS DE INVESTIMENTO DA CONCESIONARIA AQUALIA**

**Dirección de obra.**- A dirección de obra recaerá en técnico competente da Administración municipal, previa designación do concelleiro-delegado da Área de Fomento.

**Asistencia técnica.**- Autorízase á Entidade Concesionaria a contratación con empresa externa para as tarefas de asistencia técnica á dirección de obra, previa autorización do contrato por parte do concelleiro-delegado da Área de Fomento e a proposta da dirección de obra.

**Gastos repercutibles á Administración.**- Consideraranse repercutibles ao Concello de Vigo e, en consecuencia, susceptibles de recuperación pola Entidade Concesionaria, os seguintes:

- Orzamento de execución material.
- Orzamento de execución por contrata (resultante de incrementar o 19% o apartado anterior).
- Redacción de proxecto: 2% sobre orzamento execución material.
- Dirección de obra: 2% sobre orzamento execución material.
- Coordinación de seguridade: 0,5% sobre orzamento execución material.
- Control arqueolóxico (en zonas de cautela arqueolóxica que sexa esixible).
- Gastos de xestión: Recoñecerase ata un máximo do 11% sobre o importe das cantidades consignadas nos catro conceptos anteriores (redacción, dirección, coordinación e control), previa a súa xustificación.

**Proxectos modificados.**- As modificacións do proxecto, previa proposta da Dirección de Obra, someteranse a aprobación da Xunta de Goberno Local e notificaranse á Entidade Concesionaria. Naquelas modificacións que supoñan incrementar os fondos destinados á actuación, incluírase o correspondente informe financeiro.

**Licitación.**- Considerarase de inescusable observancia pola Entidade Concesionaria os principios de publicidade e concorrncia na contratación, no suposto que concorran as circunstancias establecidas na vixente Lei 31/2007 "de Procedementos de Contratación nos Sectores de Auga, Enerxía, os Transportes e os Servizos Postais". En aras ao logro do cumprimento efectivo de dita Lei, a Administración municipal vixiará aquelas contratacións que, excedendo dos umbrais previstos no art. 16 da mencionada Disposición, non figuren excluídos do seu ámbito de aplicación obxectivo (art. 18).

**Medición xeral de obra.**- Rematada a actuación a Dirección de Obra efectuará a medición final e dos seus resultados darase conta á Xunta de Goberno Local. Naqueles proxectos nos que da medición se deduza que non se esgota o orzamento de contrata, os aforros rexistrados formarán parte dunha dotación que sucesivamente poderá incrementarse con outras actuacións e finalmente se destinará a financiar aquelas obras de ampliación, mellora ou substitución que o Goberno Municipal considere oportuno acometer.

En concordancia co anteriormente exposto, esta Xefatura de Área propón á Xunta de Goberno Local, previa conformidade do Concelleiro-delegado da Área de Fomento, a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro.**- Prestar aprobación á ordenación do procedemento de contratación a seguir nas obras incluídas no plan de investimentos da Concesión de Xestión do Servizo Público de Abastecemento e Saneamento de Augas de Vigo, dando conta de ditas prescricións á Entidade Concesionaria AQUALIA, aos efectos da súa observancia e estrito cumprimento.

**Segundo.**- Notificar o presente acordo á Intervención Xeral, Xefatura da Área de Fomento e Xefatura da Área de Investimentos para o seu coñecemento, seguimento e demais efectos."

**Acordo:**

A Xunta de Goberno acorda aprobar a precedente proposta.

**16(186).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE PORTERÍA, CONTROL DE ACCESO E INFORMACIÓN AO PÚBLICO NOS CENTROS CÍVICOS MUNICIPAIS. EXPTE. 2716/321.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do xefe de Participación e Atención Cidadá do 19-02-2013, conformado polo concelleiro-delegado de área; vistos os informes da Asesoría Xurídica do 26-12-12 e o de fiscalización da Intervención Xeral Municipal de data 28-02-2013, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar o gasto de 699.626,84 euros para a contratación do servizo de “PORTERÍA, CONTROL DE ACCESO E INFORMACIÓN AO PÚBLICO NOS CENTROS CÍVICOS MUNICIPAIS”, que se imputarán a partida 9240 2279904 do presuposto das anualidades seguintes:

- ✓ Ano 2013 116.604,47 €
- ✓ Ano 2014 174.906,71 €
- ✓ Ano 2015 174.906,71 €
- ✓ Ano 2016 174.906,71 €
- ✓ Ano 2017 58.302,24 €

Segundo.- Aprobar o expediente de contratación para a contratación servizo de “PORTERÍA, CONTROL DE ACCESO E INFORMACIÓN AO PÚBLICO NOS CENTROS CÍVICOS MUNICIPAIS”, que contén o prego de prescripcóns técnicas particulares de 28/11/2012 e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de servizos por procedemento aberto de data 19/02/2013.

Terceiro.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.

**17(187).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DE RETIRADA, INMOBILIZADO, DEPÓSITO, XESTIÓN E COBRAMENTO DE VEHÍCULOS INDEBIDAMENTE ESTACIONADOS NA VÍA PÚBLICA. EXPTE. 19269/240.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do seguinte informe-proposta de data 20-02-2013, da técnico de Admon. Especial do Servizo de Patrimonio, conformado polo concelleiro-delegado de Mobilidade e Seguridade e pola concelleira-delegada de Contratación e informado pola Intervención Xeral Municipal o 21-02-2013:

"D. Luís Ponte Herranz, como representante da empresa Setex- Aparki, S.A., adxudicataria do servizo de retirada, inmovilización, depósito e xestión de cobro de vehículos indebidamente estacionados na vía pública do Concello de Vigo, por acordo da Xunta de Goberno Local de data 8 de xaneiro de 2007, mediante escritos presentados no Rexistro Xeral nº de doc. 110107186, e nº de doc. 120063968, solicita as revisións de prezos do contrato, para os periodos comprendidos entre o 1 de abril de 2011 a 31 de marzo de 2012, e 1 de abril de 2012 a 31 de marzo de 2013.

A posibilidade de revisión de prezos aparece recollida na cláusula VII do prego de cláusulas administrativas que rexeu a contratación, e textualmente manifestase nos seguintes termos:

" O prezo contractual será obxecto de revisión anual conforme a seguinte fórmula:

Prezo actualizado:  $( ( P_o - \text{amortización}) K + \text{amortización}) \times T$

Na que:  $p_o$  = prezo inicial do contrato.

$T$  = índice multiplicador que recolle o tipo impositivo IVE aplicable á operación.

$K = A (M_t/M_o) + B (G_t/G_o) + C(R_t/R_o)$ .

A, B e C son coeficientes ponderados expresados en centésimas, relativos á incidencia porcentual de cada un dos índices correspondentes ós capítulos de persoal (A), combustibles e lubricantes (B), e outros gastos fixos anuais.

O concepto amortización defínese como o valor do termo constante da renda inmediata post-pagable necesaria para pagar o capital investido -obxecto de revisión- en "n" periodos de tempo, ó tanto unitario "i", en base a pagamentos mensuais.

O tanto unitario "i" será o euribor a un ano ( ou inmediato prazo inferior) ou índice que ó substitúa o día que se publique o anuncio de licitación no BOE, mais unha marxe de 1 punto porcentual ou menor diferencial que poidan ofertar os licitadores nas súas propostas económicas.

O referido termo representativo da amortización dos investimentos non será obxecto de revisión a través da fórmula polinómica, sin embargo si se considerará no prezo do contrato o maior ou menor custo que puidan supoñer para a concesionaria a renovación do material móbil unha vez transcorrido o seu período de vida útil, así como a corrección que proceda en función do tipo de referencia EURIBOR que sexa de aplicación o día da data de revisión, aumentado ou diminuído a referida cota constante segunda o cadro de amortización que para o efecto se elabore.

As diferenzas positivas ou negativas de ámbalas dúas anualidades dará lugar unha diminución ou aumento do contrato, que terá o seu devengo o día seguinte da entrada en funcionamento dos novos equipos e repercutirase na facturación do mes inmediato posterior á incorporación dos mesmos.

Os coeficientes de ponderación entenderanse sometidos as seguintes restricións:

$A+B+C = 1$  e deberán ser determinados polos licitadores nas súas propostas económicas.

$M_t/M_o$  = Índice xeral correspondente ó incremento real dos costes de persoal obtidos segundo as seguintes expresións  $M_t/M_o = C_{pn}(t)/C_{pn}(o)$ , sendo CPN o custo medio real



para a categoría de conductor, segundo convenio colectivo nos anos "T" de revisión e "O" do ano que rematou o prazo de presentación de proposicións. A variación anual de este índice non poderá ser superior á experimentada polo IPC incrementado en 1,5 puntos.

$G_t$  = Custo medio ponderado de combustibles para automoción no ano da revisión (t).

$G_o$  = Custo medio ponderado de combustible para automoción no ano da licitación (o).

$R_t$  = Outros gastos, no momento da revisión, calculado pola aplicación do IPC nacional correspondente ó mes no que se realiza a revisión.

$R_o$  = Outros gastos no momento da adxudicación caculado pola aplicación do

IPC correspondente ó mes no que finalice o prazo de presentación de propostas.

Este sistema de revisión aplicarase ó contrato adxudicado así como ás posibles ampliacións que poidan producirse durante a vixencia deste.

A primeira revisión ordinaria de prezos terá lugar cando transcorra un ano do contrato, e as seguintes transcorrido un ano dende a inmediata anterior.

No documento administrativo do contrato establececese ó seguinte:

- O prazo do contrato comenizará o 1 de abril de 2007.
- Fixa como prezo para os primeiros catro anos de prestación do servizo o de 1.692.440,00 euros/ano, **como prezo de adxudicación a partir do quinto ano do contrato e para a totalidade dos servizos obxecto de contratación o de 1.714.226,00 euros/ano ( impostos incluídos).**
- Fixa como coeficientes A,B,C a que alude a cláusula VII – revisión ordinaria de prezos, os seguintes:  $A = 0,6079$ ;  $B = 0,0371$  e  $C = 0,3549$ .
- Fixa como tipo de intereses aplicable ás inversións : tipo medio EURIBOR + diferencial 0,00%.
- Incrementa a cantidade mínima do seguro de responsabilidade civil específico para o contrato en 1.000.000,00 euros.

Segundo a **oferta presentada pola empresa** adxudicataria, a cuota da amortización inicial descomponse nos seguintes importes:

I a) amortización: 37.672,00 euros.

b) financiación da inversión: 180.063,00 euros.

A fórmula de revisión tal como se expuxo no apartado anterior, será a seguinte:

$$K = A (M_t/M_o) + B (G_t/G_o) + C (R_t/R_o)$$

Os coeficientes: A,B, e C, tal como consta na oferta presentada pola empresa toma os seguintes valores:

$$A = 0,6079$$

$$B = 0,0371$$

$$C = 0,3549$$

### **CALCULO REVISIÓN PERIODO ABRIL 2011 A 31 DE MARZO DE 2012.**

- *Mt/Mo*, calcularase polos incrementos experimentados polo IPC dende a data de finalización de presentación de ofertas ( marzo de 2006 ) a do mes anterior da data que procede a revisión, que comenzaría o 1 de abril de 2011, polo tanto sería marzo de 2011.

O levar o sumendo de 1,5 puntos, calcularemeos os incrementos interanuales, quedando do seguinte xeito:

- incremento marzo 2006/marzo 2007: 2,5% + 1,5 puntos = 4,0%.
- incremento marzo 2007/marzo 2008: 4,5% + 1,5 puntos = 6,0%.
- incremento marzo 2008/marzo 2009: -0,1% + 1,5 puntos = 1,4%.
- incremento marzo 2009/marzo 2010: 1,4% + 1,5 puntos = 2,9
- incremento marzo 2010/marzo 2011: 3,6% + 1,5 puntos = 5,1

O incremento acumulado do periodo será polo tanto 20,89%.

$$Mt/Mo = 1,2089.$$

- *Gt/Go*.- Para calcular este incremento, utilizaremos o índice nacional do gas-oil, sen impostos, no mes de finalización de presentación de ofertas, marzo de 2006, e no mes anterior a data de revisión marzo de 2011, que según datos obtidos do Ministerio de Industria, alcanza os valores de 51,6 e 74,4 respectivamente, resultando un incremento para o cociente *GT/Go* = 1,4414.
- *Rt/Ro*, calcularase polo incremento do índice de prezos o consumo dende marzo de 2006 a marzo de 2010, que según datos facilitados polo INI foi de 12,4%.

O coeficiente de revisión, sería polo tanto:  $Kt = 0,6079 \times (1,2089) +$

$$0,0371 (1,4414) + 0,3549 (1,124) = \mathbf{1,1873}.$$

**Para evitar unha duplicidade de costes no prezo do contrato, dado que en estas datas a empresa xa estaba ocupando as instalacións ofertadas, deberase detraer do prezo inicial o importe de 360.000,00 euros, que estaba incluído no capítulo de gastos xerais, xa que o mesmo xa non forma parte do prezo, e ademais deberaselle sumar o importe da amortización correspondente a esa anualidade.**

Polo tanto tal como está previsto no prego de cláusulas administrativas que rexeron a contratación obtense o seguinte:

$$\text{Prezo actualizado} = ( ( Po - (*\text{Amortización} + **\text{gastos aluguer}) ) K + ***\text{amortización} ) \times T =$$

\*amortización -Importe da amortización tal como figura na oferta económica presentada pola empresa.

\*\* Gastos de aluguer, importe anual dos gastos por este concepto a que fixo fronte a empresa nos dous primeiros anos da adxudicación.

\*\*\*amortización – Importe da cuota de amortización calculado para o ano de revisión (abril 2011/2012), carto ano, segun o cadro de amortización presentado na oferta, que se adxunta coa solicitude ( 497.743 euros). Tamén se efectua o cálculo dos gastos financeiros da inversión anual calculados segun o tipo impositivo euribor de marzo de 2011 cun valor de 1,924, aplicado sobre o capital pendente de amortizar, resultando un importe de financiación de 133.324,07 euros.

**Prezo revisado = ( \*1.477.781,03 – (37.672,00 + 180.063,00+ 360.000,00)) = 900.046,03 x 1,1873 = 1.068.624,65 + ( 526.005+ 123.747,50) = 1.718.377,15 euros/ano (sen iva engadido) x 1,18 = 2.027.685,04 euros iva engadido.**

#### **CALCULO REVISIÓN PERIODO ABRIL 2012 A 31 DE MARZO DE 2013.**

- Mt/Mo, calcularase polos incrementos experimentados polo IPC dende a data de finalización de presentación de ofertas ( marzo de 2006 ) a do mes anterior da data que procede a revisión, que comenzaría o 1 de abril de 2012, polo tanto sería marzo de 2012.

O levar o sumendo de 1,5 puntos, calcularemeos os incrementos interanuales, quedando do seguinte xeito:

- incremento marzo 2006/marzo 2007: 2,5% + 1,5 puntos = 4,0%.
- incremento marzo 2007/marzo 2008: 4,5% + 1,5 puntos = 6,0%.
- incremento marzo 2008/marzo 2009:-0,1% + 1,5 puntos = 1,4%.
- incremento marzo 2009/marzo 2010: 1,4% + 1,5 puntos = 2,9
- incremento marzo 2010/marzo 2011: 3,6% + 1,5 puntos = 5,1
- incremento marzo 2011/marzo 2012: 1,9% + 1,5 puntos = 3,4

O incremento acumulado do periodo será polo tanto 25,00%.

Mt/Mo = 1,2500.

- Gt/Go.- Para calcular este incremento, utilizaremos o índice nacional do gas-oil, sen impostos, no mes de finalización de presentación de ofertas, marzo de 2006, e no mes anterior a data de revisión marzo de 2012, que segun datos obtidos do Ministerio de Industria, alcanza os valores de 51,6 e 81,9 respectivamente, resultando un incremento para o cociente GT/Go = 1,5872.
- Rt/Ro, calcularase polo incremento do índice de prezos o consumo dende marzo de 2006 a marzo de 2010, que segun datos facilitados polo INI foi de 14,6%.

O coeficiente de revisión, sería polo tanto: Kt= 0,6079 x ( 1,2500) +

0,0371 ( 1,5872 ) + 0,3549 ( 1,146) = **1,2254.**

Para evitar unha duplicidade de costes no prezo do contrato, dado que en estas datas a empresa xa estaba ocupando as instalacións ofertadas, deberase detraer do prezo inicial o importe de 360.000,00 euros, que estaba incluído no capítulo de gastos xerais, xa que o mesmo xa non forma parte do prezo e deberaselle sumar o importe da amortización.

Polo tanto tal como está previsto no prego de cláusulas administrativas que rexeron a contratación obtense o seguinte:

$Prezo\ actualizado = ( ( Po - (*Amortización + **gastos\ aluguer) ) K + ***amortización ) \times T =$

*\*amortización -Importe da amortización tal como figura na oferta económica presentada pola empresa.*

*\*\* Gastos de aluguer, importe anual dos gastos por este concepto a que fixo fronte a empresa nos dous primeiros anos da adxudicación.*

*\*\*\*amortización – Importe da cuota de amortización calculado para o ano de revisión (abril 2012/2013), quinto ano, segun o cadro de amortización presentado na oferta, que se adxunta coa solicitude ( euros). Tamén se efectua o cálculo dos gastos financeiros da inversión anual calculados segun o tipo impositivo euribor de marzo de 2012 cun valor de 1,449, aplicado sobre o capital pendente de amortizar, resultando un importe de financiación de 133.324,07 euros.*

**Prezo revisado = ( \*1.477.781,03 – (37.672,00 + 180.063,00+ 360.000,00)) = 900.046,03 x1,2254 = 1.102.916,41 + ( 526.005+**

**93.196,53) = 1.722.117,94 euros/ano (sen iva engadido).**

- **Prezo abril 2012/agosto 2012- 1.722.117,94X 5/12 X 1,18 = 846.707,99 euros.**
- **Prezo setembro 2012/marzo 2013- 1.722.117,94X 7/12X 1,21 = 1.215.528,25 euros.**

*Prezo anualidade revisada abril 2012/marzo 2013 : 2.062.236,24 euros.*

**DIFERENCIAS ENTRE O PREZO FACTURADO E O PREZO REVISADO.**

**PREZO FACTURADO ABRIL 2011/2012 : 2.322.305,52**

**PREZO REVISADO ABRIL 2011/2012 : 2.027.685,04**

**DIFERENCIA A FAVOR CONCELLO 294.620,48 EUROS.**

**PREZO FACTURADO ABRIL 2012/2013 : 2.322.305,52**

**PREZO REVISADO ABRIL 2012/2013 : 2.062.236,24**

**DIFERENCIA A FAVOR CONCELLO 260.069,28 EUROS.**

*Polo exposto propónse a XGL, previo informe da Intervención Xeral, a adopción do seguinte*

#### **A C O R D O**

*1º.- Aprobar a 4ª revisión do prezo do contrato do servizo de de retirada, inmovilización, depósito e xestión de cobramento de vehículos indebidamente estacionados na vía pública, fixando o prezo revisado para o período abril 2011/marzo 2012 na cantidade de 2.027.685,04 euros/ano.*

2º.- Aprobar a 5ª revisión do prezo do contrato do servizo de retirada, inmovilización, depósito e xestión de cobramento de vehículos indebidamente estacionados na vía pública, fixando o prezo revisado para o periodo abril 2011/marzo 2012 na cantidade de 2.062.236,24 euros/ano.

3º.-Requerir a empresa para que reintegre a cantidade de **294.620,48 euros**, en concepto de diferenza entre o prezo facturado no periodo marzo 2011/2012.

4º.-Requerir a empresa para que reintegre a cantidade de **21.672,44 euros mensuales**, en concepto de diferenza entre o prezo facturado no periodo marzo 2012/2013.

5º.- Que polo servizo de contratación se inicie expediente de reintegro de pago indebido, polas revisións de prezos do contrato das anualidades Abril 2008/2009, abril 2009/2010 e abril 2010/2011, aprobadas na XGL de 23 de marzo de 2009, 14 de xuño de 2010 e 8 de novembro de 2011.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a precedente proposta.

**18(188).- PROXECTO DE DERRUBA DO EDIFICIO DO ANTIGO RESTAURANTE “EL CASTILLO” NO MONTE DO CASTRO. EXPTE. 6820/307.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 21-02-13, da xefa de Patrimonio Histórico, conformado pola concelleira-delegada de Urbanismo, Cascos Históricos, Grandes Proxectos e Patrimonio e fiscalizado pola Intervención Xeral Municipal en data 27-02-13, que di o seguinte:

*O Concello de Vigo pretende executar o derribo do edificio do antigo restaurante “El Castillo”, segundo o proxecto redactado polos arquitectos municipais, Juan Luis Piñeiro Ferradás e David Carvajal Rodríguez-Cadarso.*

*Dita actuación precisa da autorización da Consellería de Cultura e Turismo que, con data 24 de xaneiro de 2013, dictou unha resolución na que autoriza a obra, “condicionada á realización dun control arqueolóxico”.*

*Visto o importe do proxecto (239.804,87 euros), e tendo en conta o artigo 125 do Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, o informe da Oficina de Supervisión de Proxectos e Supervisión de Obras non é preceptivo.*

*O gasto imputarase á partida 1510.2100000, dos orzamentos municipais vixentes.*

*Deste xeito, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

*Aprobar O PROXECTO DE DERRUBA DO EDIFICIO DO ANTIGO RESTAURANTE “EL CASTILLO”, NO MONTE DO CASTRO DO CONCELLO DE VIGO, redactado polos arquitectos municipais Juan Luis Piñeiro Ferradás e David Carvajal Rodríguez-Cadarso.”*

Acordo:

A Xunta de Goberno local acorda aprobar a precedente proposta.

**19(189).- ABOAMENTO POR APLICACIÓN SENTENZA 177/2005, AO PERSOAL DO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS, CORRESPONDENTE AO ANO 2012. EXPTE. 23847/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 31-01-2013, da técnica de Avaliación e Formación de RR HH, conformado pola xefa do servizo e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal; visto así mesmo o informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal do 27-02-2013, a Xunta de Goberno Local acorda:

Proceder ao efectivo cumprimento do mandato xudicial contido na Sentencia nº 177/2005, do 24 de maio, ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Vigo no recurso contencioso-administrativo (procedemento abreviado) nº 321/2004 estimatoria parcial e declarativa do dereito dos funcionarios cabos do Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento D. Fernando Solveira de la Fuente, D. Carlos Rodríguez Lago, D. Justo Alonso Villar e D. Rafael Moledo Alonso á percepción dun complemento de produtividade pola actividade extraordinaria realizada como sarxentos, nos termos e condicións da propia sentenza e nos autos no Auto de data 1/6/2006, 9/6/2006 e 27/6/2006, ditado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo, dando cumprimento en consecuencia –e previo o preceptivo informe da Intervención Xeral- á extensión dos efectos da Sentenza nº 177/2005, e consecuentemente dispoñer o aboamento da cantidade que proceda, correspondente ás substitucións acreditadas polos recorrentes que superen un mes no período de un ano, tal e como establece o fundamento xurídico 2º da citada resolución xudicial e prestar conformidade ao calculo que se desglosa a continuación, e que supón un total de 16865.22 €, con cargo á partida 9220.1410000, Indemnizacións por sentenzas xudiciais.

NOME	N PERSOAL	IMPORTE
ALONSO COVELO VICENTE	20592	1.966,59 €
ALONSO VILLAR JUSTO	20801	1.464,77 €
FERNANDEZ CABALEIRO J LUIS	18508	1.912,34 €
cabaleiro	20818	1.302,02 €
FUENTES DOMINGUEZ JOAQUIN	78777	1.342,71 €
ILLAN LOMBAO, JUAN CARLOS	79341	1.290,15 €
LOPEZ LANDESA FELIX	14090	1.017,20 €
LOPEZ RIOCABO JESUS	20853	1.546,15 €
ROMERO IGLESIAS RAFAEL	20965	1.320,67 €
SOAGE BERMUDEZ HECTOR	77168	1.830,96 €

VILLAR COMESAÑA JOSE A	21380	1.139,27 €
VILLAVERDE VELEIRO J.B.	14700	732,39 €
		16.865,22 €

## 20(190).- GASTOS DE LOCOMOCIÓN CORRESPONDENTES AO PERÍODO SETEMBRO 2012-XANEIRO 2013. EXPTE. 23903/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 18-02-2013, da xefa do servizo de RR HH, conformado polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal; visto así mesmo o informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal do 26-02-2013, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar o gasto por un importe de **6.162,77 €**, correspondente aos desprazamentos efectuados por persoal municipal no termo municipal de Vigo en concepto de indemnizacións por razón do servizo, acreditada a súa efectiva realización nos expedientes e informes recibidos no Servizo de Recursos Humanos, asinados polos correspondentes xefes/as dos servizos ou Áreas e contan coa conformidade dos Concelleiros/as-delegados/as das Áreas de goberno, segundo a relación contida no cadro subseguinte -que comeza por D. Eugenio Cobas Rey e que remata en D. Luís Felipe Comesaña Arribas-, imputándose o gasto con cargo á clasificación económica dos vixentes Orzamentos municipais 2312000 -Gastos de Locomoción, correspondente aos períodos que se indica:

Nº Expte.	Servicio	Traballador	DNI	Nº Persoal	Mes	Importe
68088,68314-250	Vías e Obras	Cobas Rey, Eugenio	36.017.739-S	15467	Dec.2012-Xaneiro 2013	467,02 €
68139-250		Berros Pérez, Alfonso	32.873.182-H	78966	Outubro-Decembro 2012	360,60 €
68303-250		Villar Estévez, Raimundo	36.012.815-J	11682	Xaneiro 2013	297,54 €
		Salgueiro Piñeiro, Benigno	36.009.349-C	10694	Xaneiro 2013	240,16 €
		Barciela Simón, Benito	36.008.640-R	13617	Xaneiro 2013	298,68 €
		Gómez Pascual, Julio	34.901.122-W	11819	Xaneiro 2013	201,21 €
		Oujo Gerut, Ventura	36.019.537-L	17740	Xaneiro 2013	281,58 €
		Matilde Viñas, Eugenio	36.000.551-P	11831	Xaneiro 2013	300,01 €
	O.S.P.I.O.	Ferro Mancho, Angel	36.072.730-J	79185	Xaneiro 2013	299,44 €
		Romero Gil-Delgado, Loreto	36.064.307-P	78929	Xaneiro 2013	270,75 €
		Lobato Cameselle, Ricardo	35.999.817-X	17489	Xaneiro 2013	288,61 €
5959/5961-320	Part. Cidadá	Zaragoza Bastos, Juan	35.997.115-E	17704	Outubro-Decembro 2012	186,77 €
9436-77	D.Local e Emprego	Gutiérrez Orúe J.Francisco	13.894.232-R	13920	Decembro 2012	35,85 €
	Conserxería	Fernández Amil, Fernando	36.022.162-E	13706	Xaneiro 2013	363,47 €
		Yáñez Rodríguez, Julio	36.031.496-H	17822	Xaneiro 2013	304,00 €
84705-210	Mobili.Trans.e Seg	Alonso González, José Ramón	36.026.001-C	15208	Xaneiro 2013	162,07 €
84706-210		Roca Dafonte, José Manuel	32.429.643-B	15303	Xaneiro 2013	151,62 €
82707-210		Rodríguez Caramés, José M.	35.547.314-D	15355	Xaneiro 2013	70,11 €
82708-210		Bacelos González, José	36.023.371-N	15480	Xaneiro 2013	143,45 €
26705/26710-502	Inspección Tributos	Fragua Jamardo, Vicente	36.036.018-D	15510	Decembro 2012	115,71 €
		Fernández Pedreira, Enrique	36.042.726-R	11529	Decembro 2012	140,98 €

Nº Expte.	Servicio	Traballador	DNI	Nº Persoal	Mes	Importe
		Comesaña Rial, Manuel	36.033.647-F	9550	Decembro 2012	153,33 €
		Domínguez Vázquez, José M.	36.006.131-E	8361	Decembro 2012	178,41 €
		González Campelos, Manuel	35.997.315-S	23656	Decembro 2012	180,88 €
	Cemiterios	Rodríguez López, Adolfo	36.030.284-W	76430	Xaneiro 2013	93,29 €
	Museo da Cidade "Quiñones de León"	Ballesta de Diego, José Joaquín	36.065.836-L	76439	Dec.2012-Xaneiro 2013	9,12 €
		Egea Torrón, Pilar	50.806.376-C	18543	Dec.2012-Xaneiro 2013	25,08 €
		Vázquez Díaz, José Manuel	36.044.945-N	22958	Dec.2012-Xaneiro 2013	49,59 €
		Faro Chamadoira, Ángeles	36.033.947-P	15071	Dec.2012-Xaneiro 2013	20,52 €
80346-301	Benestar Social	Martínez Guede, Silvia	36.142.885-H	80631	Set.-Novembro 2012	17,29 €
80335-301		Fajín Torres, Yolanda	33.297.554-V	79174	Nov.-Decembro 2012	21,66 €
80372-301		Alonso Míguez, Rosa	36.007.512-T	21203	Decembro 2012	52,26 €
	Educación	Codesido Rodríguez, J.Felipe	36.081.823-K	19399	Dec.2012-Xaneiro 2013	192,28 €
		Silva Lorenzo, Alfonso	36.002.568-R	15668	Xaneiro 2013	39,14 €
		Alonso Asenjo, Beatriz	35.991.455-C	15651	Xaneiro 2013	65,55 €
19600/240	Patrimonio e Contratación	Comesaña Arribas, Luis Felipe	00.139.795-R	11239	Agosto 2012	84,74 €
<b>TOTAL</b>						<b>6.162,77 €</b>

	SERVIZO	TOTAL
1550	Vías e Obras-O.S.P.I.O.	3.305,60 €
2410	Participación Cidadá e Emprego	222,62 €
9220	Conserxería	667,47 €
1330	Mobilidade, Seguridade e Transportes	527,25 €
9310	Inspección de Tributos	769,31 €
1640	Cemiterios	93,29 €
3330	Museo da Cidade "Quiñones de León"	104,31 €
2310	Benestar Social	91,21 €
3210	Educación	296,97 €
9220	Patrimonio e Contratación	84,74 €
<b>TOTAL</b>		<b>6.162,77 €</b>

## **21(191).- PRODUTIVIDADE POR ENCOMENDA DE FUNCÍONS A DIVERSOS FUNCIONARIOS, CORRESPONDENTE AO 4º TRIMESTRE 2012. EXPTE. 23865/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 07-02-2013, da técnica de Avaliación e Formación de RR HH, dilixenciado pola xefa do servizo e conformado polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal; visto así mesmo o informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal do 267-02-2013, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Outorgar aos empregados municipais que a continuación se relacionan os complementos de produtividade propostos pola realización das funcións encomendadas, nos períodos sinalados:



N.P.	DNI	NOME	PERIODO	IMPORTE
15651	35991455C	Alonso Asenjo, Beatriz	1/10-31/12/2012	1.768,77 €
78966	32873182	Berros Perez, Alfonso	1/10-31/12/2012	2.071,33 €
79389	32677831	Couce Senra; Oscar	1/10-31/12/2012	1.795,38 €
23627	36077859	Covelo Roma Rosendo	1/10-31/12/2012	2.048,05 €
77210	36106611	Jesus Lopez Moure	1/10-31/12/2012	1.693,22 €
15817	34936626	Meiriño Fernandez Alicia	1/10-31/12/2012	1.512,53 €
77.274	36025379-L	Rodríguez Ferreira, Albino	1/10-31/12/2012	1.588,89 €
9.900	35946375	SanLuis Costas, Avelino	1/10-31/12/2012	2.071,33 €
22.119	36080915	Vicente Rodriguez, Carolina	1/1-31/12/2012	2.478,08 €
				17.027,57 €

Segundo.- Aprobar e comprometer o gasto por importe total de 17.027,57 € en concepto de produtividade a favor dos empregados municipais anteriormente referenciados, con cargo á partida orzamentaria 922.0.150000 “Produtividade”.

Déase traslado do presente acordo aos interesados, Intervención Xeral e Comité de Persoal aos efectos oportunos, debendo expoñerse asemade no Taboleiro de Editos por un prazo de dez días para público coñecemento.

**22(192).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL MUNICIPAL, CORRESPONDENTE AOS MESES DE SETEMBRO 2012 E XANEIRO 2013. EXPTE. 23897/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 26-02-2013, do técnico de Planificación e Organización de RR HH, conformado pola xefa do servizo e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal; visto así mesmo o informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal do 01-03-2013, a Xunta de Goberno Local acorda:

Asignar unha gratificación por servizos especiais e extraordinarios correspondente ao período indicado no cadro adxunto, con cargo á partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS, que se aboará na nómina do vindeiro mes, ó persoal dos servizos que a continuación se indican polos conceptos e importes relacionados:

SERVIZO	MES	Nº HORAS
Alcaldía (Condutores)	Xaneiro-2013	287'00
Extinción de Incendios	Xaneiro-2013	363'00
Policia Local (Xulgados)	Xaneiro-2013	536'00
Policia Local (Horas en exceso)	Xaneiro-2013	466'14
Limpeza	Setembro-2012	27'00
Inspección Vías e Obras	Setembro-2012	64'00
Parque Móbil	Setembro-2012	40'00

Ospio	Setembro-2012	60,00
Montes, Parques e Xardíns	Setembro-2012	80'00
Parque Móbil (Medio Ambiente)	Setembro-2012	64'00
Vías e Obras	Setembro-2012	133'00
Turismo	Setembro-2012	15'00
Desinfección	Setembro-2012	63'00
Conserxería	Setembro-2012	11'30
Medio Ambiente	Setembro-2012	31'00
Parque Móbil (Desinfección)	Setembro-2012	20'00
Parque Móbil (Vías Obras)	Setembro-2012	55'00
Parque Central	Agosto e Setembro-2012	162'00
Cultura	Setembro-2012	10'00

O montante do presente expediente ascende a un total de 24.911'33 €”.

**23(193).- GRATIFICACIÓN POR SERVICIOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL DO SERVIZO DE CEMITERIOS POR EXCESO DE XORNADA ANUAL, CORRESPONDENTE AO MES DE XANEIRO 2013. EXPTE, 23895/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 13-02-2013, da técnica de Avaliación e Formación de RR HH, conformado pola xefa do servizo e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal; visto así mesmo o informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal do 26-02-2013, a Xunta de Goberno Local acorda:

Recoñecer as obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais e extraordinarios en compensación ás horas en exceso realizadas durante o presente ano do persoal administrativo do servizo de Cemiterios, aboaranse ós traballadores que figuran na relación que se achega e que comezan por don José Luís Hermida Rodríguez e remata por don G. Manuel Rosende Rios, as cantidades que figuran para cada un deles correspondente ao mes de Xaneiro-2013, e que ascenden a un total de 649'46 € (seiscentos corenta e nove euros con corenta e seis céntimos), con cargo á partida presupostaria 922.0.151.00.00-Gratificacións

**24(194).- GRATIFICACIÓN POR SERVICIOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DE D. JOSÉ LUÍS CARIDE GRANDAL, POR TRABALLAR O DÍA 24 DE DECEMBRO DE 2012. EXPTE. 23911/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 20-02-2013, da técnica de Avaliación e Formación de RR HH, conformado pola xefa do servizo e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal; visto así mesmo o informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal do 26-02-2013, a Xunta de Goberno Local acorda:

Recoñecer e aboar a don José Luis Caride Grandal do servizo de Extinción de Incendios a cantidade de 260,58 €, por prestar servizos entre as 22'00 horas do día 24 e ás 15'00 horas do día 25 de decembro, e no mesmo horario os días 31 de decembro de 2012 e 1 de xaneiro de 2013.

**25(195).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO CONCELEIRO-DELEGADO DE XESTIÓN MUNICIPAL DO 21/02/13, DE XUBILACIÓN ANTICIPADA DA FUNCIONARIA MUNICIPAL D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> LUISA LÓPEZ FERNÁNDEZ. EXPTE. 23912/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da seguinte Resolución do 21-02-2013, do concelleiro-delegado de Xestión Municipal:

*“Primeiro.- Declarar a xubilación anticipada da funcionaria municipal Dna. M<sup>a</sup> Luisa López Fernández, con data de efectos 28/02/2013, con nº de persoal 76269, data de nacemento 28/06/1948, con praza de Técnica Analista e posto de Analista de Laboratorio (pto. 57), grupo A1 de titulación e grupo de tarifa 01, adscrita ao Servizo de Laboratorio Municipal (313), en aplicación do previsto no artigo 67.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, e normativa de concordante aplicación.*

*Segundo.- Notifíquese o presente acordo á interesada, Concelleiro/a-delegado/a da Área, Xefe/a do Servizo correspondente, Intervención Xeral, Xefatura da Área de Réxime Interior, Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización) aos efectos oportunos, e dease conta á Xunta de Goberno Local, significándose que contra o mesmo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.”*

A Xunta de Goberno Local queda informada.

**TURISMO E COMERCIO**

**26(196).- PROPOSTA DE INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA E RECOÑECEMENTO DE DÉBEDA Á ASOC. PROF. EMPRESARIOS AUTÓNOMOS DO MERCADO DO PROGRESO. DECEMBRO 2011 E SETEMBRO, OUTUBRO, NOVEMBRO E DECEMBRO. 2012. EXPTE. 5432/551.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 16-01-2013, da xefa do servizo de Comercio e Turismo, conformado polo concelleiro-delegado de

área, visto o informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal do 30-01-13 e máis o informe xurídico de data 12-02-13, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Declarar a nulidade das actuacións que deron lugar á expedición das facturas 01/12, 10/12, 12/12, 13/12 e 14/12, por un importe total de 108.329,90 €.

Segundo.- Aprobar a indemnización substitutiva mediante recoñecemento extraxudicial de crédito a favor da Asociación Profesional de Empresarios autónomos do Mercado do Progreso de Vigo (CIF G 36.664.027), por un importe de 108.329,90 €, en base ao informe que figura no expediente.

**27(197).- PROPOSTA DE INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA E RECOÑECIMENTO DE DÉBEDA Á ASOC. PROF. EMPRESARIOS AUTÓNOMOS DO MERCADO DO PROGRESO. XANEIRO 2013. EXPTE. 5436/551.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 04-02-2013, da xefa do servizo de Comercio e Turismo, conformado polo concelleiro-delegado de área, visto o informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal do 22-02-13, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Convalidar as actuacións municipais e a disposición do gasto e prestar aprobación á indemnización substitutoria a favor de ASOCIACIÓN PROFESIONAL DE EMPRESARIOS AUTÓNOMOS DO MERCADO DO PROGRESO, CIF G-36664027, na contía de 21.773,95 €, correspondentes ós servizos prestados no Mercado do Progreso en relación coas facturas que se citan.

Segundo.- De conformidade coas Bases de execución orzamentaria para o ano 2013, recoñecer a obriga do gasto a favor do acredor ASOCIACIÓN PROFESIONAL DE EMPRESARIOS AUTÓNOMOS DO MERCADO DO PROGRESO, CIF G-36664027, polo importe de 21.773,95 €, correspondentes ás facturas seguintes:

exped fact	estado fact	nº fact	data fact	fact base	fact ive	fact total
5437-551	V	01 13	001/02/13	17.995,00 €	3.778,95 €	21.773,95 €

Terceiro.- Ordenar o pago a favor de ASOCIACIÓN PROFESIONAL DE EMPRESARIOS AUTÓNOMOS DO MERCADO DO PROGRESO, CIF G-36664027, polo devandito importe de 21.773,95 € con cargo ao crédito dispoñible na partida 4310.227.99.11 "Gastos Funcionamento do Mercado do Progreso" do orzamento vixente.

**28(198).- PROPOSTA DE DESESTIMACIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO CONTRA ACORDO DA XGL DO 28-12-12, SOBRE APROBACIÓN DEFINITIVA DAS OBRAS DE URBANIZACIÓN DA XUNTA DE COMPENSACIÓN DA UE I-06 ROSALÍA DE CASTRO II. EXPTE. 5075/401.**

Examinadas as actuacións do expediente, vista a proposta do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, sesión ordinaria do 01-03-13, a Xunta de Goberno Local acorda:

**PRIMEIRO:** Desestimar o recurso de reposición presentado por don Carlos Giráldez González en calidade de Presidente da Xunta de Compensación, contra o punto terceiro do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local de 28 de decembro de 2012.

**SEGUNDO:** Notificar ao recorrente, con indicación de que contra a resolución deste recurso non cabe ningún outro recurso administrativo, a non ser o recurso extraordinario de revisión nos casos establecidos polo artigo 118.1 da LRX-PAC, e de que poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo no Xulgado do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous (2) meses, a contar desde o día seguinte ao da notificación desta Resolución.

**29(199).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN VECIÑAL E CULTURAL DE LAVADORES PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN INFANTIL E XUVENIL CONCRETADO NUNHA LUDOTECA. ANO 2013. EXPTE. 3826/336.**

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes-proposta do 19 e 28-02-13, da xefa do Servizo de Xuventude, conformados pola concelleira-delegada de área e máis pola concelleira-delegada de Facenda; vistos os informes de fiscalización da Intervención Xeral Municipal do 26-02-13, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar o texto do convenio para desenvolver un Programa de Dinamización Infantil e Xuvenil, concretado nunha Ludoteca, entre o Concello de Vigo e a Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Lavadores, que se achega ao presente expediente.

Segundo.- Aprobar o gasto de 25.000 € euros a favor da entidade Asociación Veciñal de Lavadores C.I.F. G36633618 con cargo á partida 3370.489.00.02 do vixente orzamento. Por tratarse dunha entidade sen ánimo de lucro e cunha economía limitada, realizarase un pago anticipado do 50% do importe e non se esixen garantías.

Terceiro.- Que se libre a cantidade de 12.500 € € correspondentes ao 50% do total á sinatura deste convenio, e o 50% restante(12.500 €) á finalización do mesmo.

Cuarto.- Facultar á concelleira de Xuventude, María Jesús Lago Rey, para a sinatura do presente convenio.

“Na Casa do Concello de Vigo, a

#### REUNIDOS

*Dunha parte, dona María Jesús Lago Rey, na súa calidade de concelleira-delegada da Área de Xuventude do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 13 de xuño de 2011, sobre delegación de atribucións.*

*Doutra, D. Eduardo Fernández Pérez, con DNI: 35961107D como presidente da Asociación Veciñal y Cultural de Lavadores, CIF: G36633618 e enderezo social en Rúa Ramón Nieto nº 302, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente número 3826/336*

*Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio*

#### MANIFESTAN

*I.- Que a entidade Asociación Veciñal y Cultural de Lavadores ten entre os seus obxectivos a defensa da calidade de vida dos veciños en todos os seus eidos, a consecución dos medios materiais, sociais, culturais e deportivos que fagan da parroquia de Lavadores un lugar digno onde vivir e convivir. Estes obxectivos concordan co desenvolvemento da actividade de Ludoteca que propoñen e coinciden cos da Concellaría de Xuventude no que se refire ao desenvolvemento de actividades lúdicas regulares en espazos de lecer educativo destinados a rapaces e rapazas da cidade de Vigo e ás súas familias, co obxecto de potenciar o desenvolvemento mental, psicomotor, afectivo e sensorial de nenos e nenas, así como fomentar a participación nos distintos ámbitos da sociedade.*

*II.- Que o Concello de Vigo a traveso da Concellaría de Xuventude ten entre os seus obxectivos a dinamización xuvenil, así como o potenciar a participación, apoiando iniciativas xuvenís e das entidades prestadoras de servicios á xuventude.*

*Que unha das liñas de acción empregadas para cumprir os obxectivos citados é a potenciación de espazos lúdicos para nenas e nenos onde se poida combinar tempo de lecer, diversión e desenvolvemento persoal integral a traveso do xogo, a cal ven a coincidir coa proposta que realiza a Asociación Veciñal e Cultural de Lavadores, referida ao desenvolvemento da actividade de Ludoteca, polo que considerase convinte a concesión da subvención solicitada, tendo en conta que a actividade de Ludoteca proposta na solicitude de subvención é, como sinala García de Enterría, “a actividade xurídica da Administración pública que comporta o outorgamento de auxilios directos ou indirectos para servizos ou actividades que complementan ou suplen os atribuídos ó ente público”.*

*III.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na aplicación orzamentaria 3370.489.00.02, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 25.000 euros, a favor da ASOCIACIÓN VECIÑAL, CULTURAL E DEPORTIVA DE LAVADORES.*

*IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervintes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é a realización de actividades lúdicas regulares en espazos de lecer educativo destinados a rapaces e rapazas da cidade de Vigo e ás súas familias, co obxecto de potenciar o desenvolvemento mental, psicomotor, afectivo e sensorial de nenos e nenas, así como fomentar a participación nos distintos ámbitos da sociedade.*

*V.- Que a entidade Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Lavadores non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente número 3826/336.*

*Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social, que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Lavadores o Concello de Vigo e a Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Lavadores, conveñén a súa colaboración no ámbito de desenvolvemento da actividade de Ludoteca proposta e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.*

#### **PACTOS**

*Primeiro.- A entidade Asociación Veciñal , Cultural e Deportiva de Lavadores comprométese a desenvolver a actividade de Ludoteca en Lavadores e, concretamente, a:*

*1º.- Ofrecer un espazo de lecer educativo estable para rapaces e rapazas comprendidos entre 7 e 12 anos, como mínimo, no inmovible denominado Villa Galicia, na rúa Ramón Nieto núm. 302, de acordo co programa presentado, de luns a venres en horario 16:30 e 20:30 horas agás nas vacacións de verán que será de 9:30 a 13:30 horas*

*2º.- Promover o desenvolvemento cognitivo, psicomotor, afectivo e social dos persoas destinatarias a través do xogo e de actividades lúdicas.*

*3º.- Favorecer a participación e a integración social dos persoas destinatarias, así coma das súas familias.*

*4º.- Facilitar a adquisición de normas e hábitos saudables e de convivencia entre os persoas destinatarias, así como o desenvolvemento máximo de habilidades e capacidades persoais e grupais.*

*5º.- Posibilitar o coñecemento da cultura e da lingua galega, a historia da cidade e os recursos dos que dispón.*

*6º.- Procurar a conciliación da vida laboral e familiar axustando os horarios das actividades ás necesidades e características específicas das familias do contorno.*

*En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia*

*Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:*

*1º.- Garantir a prestación adecuada das actividades de Ludoteca a traveso da supervisión das mesmas polo persoal técnico da Concellería de Xuventude, que será o encargado do seguimento da execución do convenio, así como certificar o seu cumprimento unha vez rematadas as actividades obxecto do mesmo.*

*2º.- Conceder directamente á Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Lavadores unha subvención por importe de 25.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 3370.489.00.02 "Subvención Ludoteca AAVV de Lavadores" do orzamento en vigor, co obxecto de coadxudar á financiación da actividade de ludoteca no ano 2013.*

*Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.*

*A entidade Asociación Cultural, Veciñal e deportiva de Lavadores deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.*

*En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.*

*Cuarto.- Co obxecto de facilitar á entidade o pago de salarios de persoal e seguros sociais do mesmo, e tendo en conta que trátase dunha entidade sen ánimo de lucro e cunha economía limitada, posibilitase o pagamento da subvención en dous prazos, o primeiro deles anticipado, á sinatura do presente convenio do 50% do importe total (12.500 €) e outro do 50% restante (12.500 €) á finalización do mesmo, previa certificación de cumprimento. Debido ás razóns anteriormente descritas, non se establecen reximen de garantías dos fondos entregados.*

*A xustificación do importe total recibido presentarase coa certificación dun técnico do servizo de Xuventude xunto coas facturas orixinais correspondentes aos gastos totais, unha vez rematada a actividade.*

*Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .*

*A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.*

*Sexto.- A entidade beneficiaria poderá subcontratar con terceiros ata un 75% do importe da actividade subvencionada.*



*Non poderan ser subcontratistas as persoas ou entidades a que se refire o apartado 7 do artigo 27 da Lei de subvenciones de Galicia.*

*Sétimo.- A entidade Asociación Cultural, Veciñal e deportiva de Lavadores debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión do logotipo da Concellaría de Xuventude do Concello de Vigo.*

*Oitavo.- A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de subvencións de Galicia.*

*Noveno.- A Asociación Asociación Cultural, Veciñal e deportiva de Lavadores, no prazo máximo 3 meses a contar desde o remate da actividade subvencionada deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos.*

*A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar:*

*a) Que os xustificantes de gasto incluídos na conta xustificativa foron aplicados ás actividades subvencionadas.*

*b) Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeito a retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.*

*c) Manifestación doutros ingresos ou subvencións que financien o proxecto subvencionado con indicación do seu importe e procedencia.*

*A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos.*

*As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto.*

*Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.*

*Se a Asociación Cultural, Veciñal e deportiva de Lavadores solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.*

*Décimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a Asociación Cultural, Veciñal e deportiva de Lavadores deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas*

fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre 1 de xaneiro e 31 de decembro do 2013.

A Asociación Cultural, Veciñal e deportiva de Lavadores deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 12.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo segundo.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención, así como a axeitada xustificación da mesma, será comprobada polos servizos da Concellería de Xuventude. O xefe do servizo de Xuventude emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada, que será incorporado á conta xustificativa para a súa tramitación.

Décimo terceiro.- A Asociación Cultural, Veciñal e deportiva de Lavadores deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Xuventude e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución sinificativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a Asociación Cultural, Veciñal e deportiva de Lavadores da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo sexto.- A Asociación Cultural, Veciñal e deportiva de Lavadores está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

*Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Xuventude.*

*A Asociación Cultural, Veciñal e deportiva de Lavadores poderá exercelos dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Xuventude do Concello de Vigo.*

*Décimo sétimo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*E, en proba da súa conformidade, asinan o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo.”*

**30(200).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CENTRO RECREATIVO, ARTÍSTICO E CULTURAL DE CORUXO PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN INFANTIL E XUVENIL CONCRETADO NUNHA LUDOTECA. ANO 2013. EXPTE. 3828/336.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 22-02-13, da xefa do Servizo de Xuventude, conformado pola concelleira-delegada de área e máis pola concelleira-delegada de Facenda; visto así mesmo o informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar o texto do convenio para desenvolver un Programa de Dinamización Infantil e Xuvenil, concretado nunha Ludoteca, entre o Concello de Vigo e o CENTRO RECREATIVO, ARTÍSTICO E CULTURAL DE CORUXO, que se achega ao presente expediente.

Segundo.- Aprobar o gasto de 20.000 € euros a favor da entidade CENTRO RECREATIVO, ARTÍSTICO E CULTURAL DE CORUXO, C.I.F. V-36.627.495. con cargo á partida 3370.489.00.04 do vixente orzamento por tratarse dunha entidade sen ánimo de lucro con fins estritamente de carácter social, razón pola que non se esixen garantías.

Terceiro.- Que por ser unha entidade sen ánimo de lucro e cunha economía limitada se libre a cantidade de 10.000 € correspondentes ó 50% do total á sinatura deste convenio, e o 50% restante ( 10.000 €) á finalización do mesmo.

Cuarto.- Facultar á concelleira de Xuventude, María Jesús Lago Rey para a sinatura do presente convenio.

"Na Casa do Concello de Vigo, a            de            de 2013

#### REUNIDOS

*Dunha parte, dona María Jesús Lago Rey, na súa calidade de Concelleira-Delegada da Área de Xuventude do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude da Resolución da Alcaldía Presidencia de 7 de febreiro de 2013 e o acordo da Xunta de Goberno Local de 8 de febreiro de 2013.*

*Doutra, Don Gerardo Goberna Lorenzo D.N.I 359985808P, como presidente da Asociación Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo CIF V36627495 e enderezo social en Coruxo, Tarrío nº 298, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación.*

*Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio*

#### MANIFESTAN

*I.- Que a entidade Asociación Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo ten entre os seus obxectivos a defensa da calidade de vida dos veciños en todos os seus eidos, a consecución dos medios materiais, sociais, culturais e deportivos que fagan da parroquia de Coruxo un lugar digno onde vivir e convivir. Estes obxectivos concordan co desenvolvemento da actividade de Ludoteca que propoñen e coinciden cos da Concellaría de Xuventude no que se refire ao desenvolvemento de actividades lúdicas regulares en espazos de lecer educativo destinados a rapaces e rapazas da cidade de Vigo e ás súas familias, co obxecto de potenciar o desenvolvemento mental, psicomotor, afectivo e sensorial de nenos e nenas, así como fomentar a participación nos distintos ámbitos da sociedade.*

*II.- Que o Concello de Vigo a traveso da Concellaría de Xuventude ten entre os seus obxectivos a dinamización xuvenil, así como o potenciar a participación, apoiando iniciativas xuvenís e das entidades prestadoras de servizos á xuventude.*

*Que unha das liñas de acción empregadas para cumprir os obxectivos citados é a potenciación de espazos lúdicos para nenas e nenos onde se poida combinar tempo de lecer, diversión e desenvolvemento persoal integral a traveso do xogo, a cal ven a coincidir coa proposta que realiza a Asociación Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo, referida ao desenvolvemento da actividade de Ludoteca, polo que considerase convinte a concesión da subvención solicitada, tendo en conta que a actividade de Ludoteca proposta na solicitude de subvención é, como sinala García de Enterría, "a actividade xurídica da Administración pública que comporta o outorgamento de auxilios directos ou indirectos para servizos ou actividades que complementan ou suplen os atribuídos ó ente público".*

*III.- Que na devandida actividade a subvencionar e na subvención mesma concurren singulares circunstancias de interese público e social polo que o Concello de Vigo a traveso da Concellaría de Xuventude decide apoiar a realización de actividades lúdicas regulares en espazos de lecer educativo destinados a rapaces e rapazas da cidade de Vigo e ás súas familias, co obxecto de potenciar o desenvolvemento mental, psicomotor, afectivo e sensorial de nenos e nenas, así como fomentar a participación nos distintos ámbitos da sociedade.*

*Estas circunstancias impiden a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa.*

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervintes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é a realización de actividades lúdicas regulares en espazos de lecer educativo destinados a rapaces e rapazas da cidade de Vigo e ás súas familias, co obxecto de potenciar o desenvolvemento mental, psicomotor, afectivo e sensorial de nenos e nenas, así como fomentar a participación nos distintos ámbitos da sociedade.

V.- Que a entidade Asociación Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 3406/336.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social, que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da Asociación Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo, esta e o Concello de Vigo, conveñen a súa colaboración no ámbito de desenvolvemento da actividade de Ludoteca proposta e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

#### PACTOS

Primeiro.- A entidade Asociación Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo comprométese a colaborar coa Concellería de Xuventude do Concello de Vigo en canto a desenvolvemento da actividade de Ludoteca e, concretamente, a:

1º.- Ofrecer un espazo de lecer educativo estable para rapaces e rapazas comprendidos entre 6 e 13 anos, como mínimo.

2º.- Promover o desenvolvemento cognitivo, psicomotor, afectivo e social dos persoas destinatarias a través do xogo e de actividades lúdicas.

3º.- Favorecer a participación e a integración social dos persoas destinatarias, así coma das súas familias.

4º.- Facilitar a adquisición de normas e hábitos saudables e de convivencia entre os persoas destinatarias, así como o desenvolvemento máximo de habilidades e capacidades persoais e grupais.

5º.- Posibilitar o coñecemento da cultura e da lingua galega, a historia da cidade e os recursos dos que dispón.

6º.- Procurar a conciliación da vida laboral e familiar axustando os horarios das actividades ás necesidades e características específicas das familias do contorno.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Garantir a prestación adecuada das actividades de Ludoteca. Para elo, o persoal técnico da Concellería de Xuventude será o encargado do seguimento da execución do convenio , así como certificar o seu cumprimento unha vez rematadas as actividades obxecto do mesmo.

2º.- Aboar á Asociación Centro Recreativo,Artístico e Cultural de Coruxo a cantidade de 20.000,00 € pola organización e desenvolvemento do programa concretado nunha Ludoteca durante o ano 2012,destinada a nenos e nenas de 6 a 13 anos que se desenvolverá dacordo co programa presentado, de luns a venres en horario 16:00 e 20:00 h. tódolos meses do ano a excepción do mes de agosto, e con cargo á partida 3370.489.00.04 "Subvención Ludoteca de Coruxo" do orzamento do ano 2013.

Co obxecto de tratar de conciliar a vida laboral coa familiar, tentarase adaptar o horario de prestación da actividade ás necesidades das familias en periodo de vacacións escolares.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade Asociación Centro Recreativo,Artístico e Cultural de Coruxo deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Co obxecto de facilitar á entidade o pago de salarios de persoal e seguros sociais do mesmo,e tendo en conta que trátase dunha entidade sen ánimo de lucro e cunha economía limitada, posibilitase o pagamento da subvención en dous prazos, o primeiro deles anticipado, á sinatura do presente convenio do 50% do importe total (10.000 €) e outro do 50% restante (10.000 € ) á finalización do mesmo, previa certificación de cumprimento. Debido ás razóns anteriormente descritas, non se establecen reximen de garantías dos fondos entregados. Co obxecto de facilitar á entidade a disposición de fondos previos ao pagamento do primeiro prazo anticipado por parte do Concello, establécese como gasto subvencionable a cantidade de 650€ destinados a sufragar gastos financeiros por parte da entidade, indispensables para a execución da actividade. Garántízase que o importe total da subvención non supera o custe da actividade subvencionada.

A xustificación do importe total recibido presentarase coa certificación dun técnico do servizo de Xuventude xunto coas facturas orixinais correspondentes aos gastos totais, unha vez rematada a actividade.

Quinto.- (Circunstancias que, como consecuencia da alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, poderán dar lugar á modificación da resolución).

Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as

*actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .*

*A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.*

*Sexto.- A entidade beneficiaria poderá subcontratar con terceiros ata un 75% do importe da actividade subvencionada.*

*Non poderan ser subcontratistas as persoas ou entidades a que se refire o apartado 7 do artigo 27 da Lei de subvenciones de Galicia.*

*Sétimo.- A entidade Asociación Centro Recreativo,Artístico e Cultural de Coruxo debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión do logotipo da Concellaría de Xuventude do Concello de Vigo.*

*Oitavo.- A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de subvencións de Galicia.*

*(Cando a publicación dos datos do beneficiario poida ser contraria ao respecto e salvagarda do honor e a intimidade persoal e familiar das persoas físicas, Asociación Centro Recreativo,Artístico e Cultural de Coruxo, estas poderán exercer o seu dereito a que tales datos non se fagan públicos).*

*Noveno.- A Asociación Asociación Centro Recreativo,Artístico e Cultural de Coruxo, na data 20 de decembro do presente ano, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.Tendo en conta que o 95% da subvención destínase a financiar gastos de persoal, a entidade beneficiaria deberá incorporar á conta xustificativa as nóminas es os Tcs relativos a dito persoal, así como unha declaración asinada polo presidente da entidade na que conste que foi practicada a pertinente retención para o Imposto sobre a renda das Persoas Físicas, e que esta foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.*

*A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos.*

*As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.*

*Se a Asociación Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.*

*Décimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a Asociación Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.*

*Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre 1 de xaneiro e 31 de decembro do 2013.*

*A Asociación Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.*

*Décimo segundo.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención, así como a axeitada xustificación da mesma, será comprobada polos servizos da Concellería de Xuventude . O xefe do servizo de Xuventude emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada, que será incorporado á conta xustificativa para a súa tramitación.*

*Décimo terceiro.- A Asociación Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Xuventude e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

*Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.*

*Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.*

*Décimo quinto.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a Asociación Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo*



que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo sexto.- A Asociación Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Xuventude.

A Asociación Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Xuventude do Concello de Vigo.

Décimo sétimo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, a \_\_\_\_\_ de 2013”

### **31(201).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non se formularon.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte minutos. Como secretaria dou fe.

rs.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey.